

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de decembro de 2007**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e dous minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2288).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” PARA A DIFUSIÓN DE POLÍTICAS DE AXUDA E ASESORAMENTO ÁS INSTITUCIÓNS, RELACIONADAS COA PROBLEMÁTICA SOCIAL VINCULADA ÓS MALOS TRATOS ÁS MULLERES E EN XERAL ÁS POLÍTICAS DE IGUALDADE. EXPTE. 4456/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6.11.07, o informe de Intervención Xeral de data 15.11.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 25.10.07, conformado polo Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do Convenio que se xunta, entre este Excmo. Concello e a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo para a difusión de políticas de axuda e asesoramento ás institucións, relacionadas coa problemática social vinculada ós malos tratos ás

mulleres e en xeral, as políticas de igualdade , a medio dunha subvención por unha contía de 3.000 .-€ , e isto con cargo á P. 111.0.489.00.02, “Subvencións por razóns humanitarias”, correspondente ó orzamento prorrogado actualmente en vigor.

Serán de aplicación á subvención as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre obrigas da beneficiaria consignadas no artigo 14.1 LXS; xustificación da consecución dos obxectivos propostos coa subvención; causas de invalidez do acordo de concesión (artigo 36 LXS); causas e réxime de reintegro da subvención (artigo 37 LXS); réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no acordo de concesión, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA A DIFUSIÓN DE POLÍTICAS DE AXUDA E ASESORAMIENTO ÁS INSTITUCIÓNS, RELACIONADAS COA PROBLEMÁTICA SOCIAL VINCULADA ÓS MALOS TRATOS ÁS MULLERES E EN XERAL, AS POLÍTICAS DE IGUALDADE”*

*En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil sete,*

**R E Ú N E N S E:**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, D.N.I. 33.178.679-Y, Alcalde do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.*

*Doutra Dª Josefa Martínez Alonso, con DNI núm. 35.983.406-K, en representación da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo (NIF: G-36928646)*

*As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte*

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA A DIFUSIÓN DE POLÍTICAS DE AXUDA E ASESORAMIENTO ÁS INSTITUCIÓNS, RELACIONADAS COA PROBLEMÁTICA SOCIAL VINCULADA ÓS MALOS TRATOS ÁS MULLERES E EN XERAL, AS POLÍTICAS DE IGUALDADE”*

#### **ANTECEDENTES**

*A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Estos servizos foron creados co obxecto de achegar ás mulleres a información de servizos e recursos e de facilitar a detección e a denuncia da violencia.*

*Ademáis desta estrutura de servizos específicos, dende o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ó movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. Recentemente, no mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.*

*Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra os malos tratos. As mulleres que forman parte da rede traballan de*

xeito voluntario como mediadoras nos casos de violencia de xénero e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial .

Os fins da Rede de mediadoras como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas ós órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, e aproveitando a experiencia que teñen adquirida neste campo para o asesoramento institucional ó Concello de Vigo nestes temas, considérase oportuno o desenvolvemento deste convenio de colaboración que se rexirá polas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á “Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo”, así como a difusión das políticas de axuda e asesoramento ás institucións relacionadas coa problemática social, vinculadas ós malos tratos ás mulleres e en xeral, as políticas de igualdade.

##### SEGUNDA.- DESTINATARIAS

As accións obxecto deste convenio perseguen combater a violencia hacia as mulleres dun xeito integral e global, tal e como contempla o II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as mulleres (2004-2007), incidindo nas áreas de apoio e seguemento a vítima para acadar a pronta recuperación.

Para conquistar dito fin, a Rede asesorará as institucións de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir as mulleres que sofren violencia de xénero. Especialmente ó colectivo de mulleres da Casa de Acolida, durante a súa estancia na mesma, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación.

Un dos obxectivos perseguidos cos mecanismos de reforzamento e apoio que oferta a “ Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, transmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

##### TERCEIRA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS

1.- Non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (artigo 13.7 LXS) polo que presentará debidamente cumplimentada e asinada a declaración que se acompaña no Anexo III.

2.- Asumir todo o especificado na cláusula primeira e sexta deste convenio, xunto coa entrega do informe que se especifica na mencionada cláusula.

3.- As obrigas da “Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo”, como beneficiaria da subvención, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

##### CUARTA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA

Os compromisos do Concello consistirán na aportación dunha axuda económica, sendo o custo total desta

subvención 3.000 euros.

#### QUINTA.- XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo aboará o importe da axuda nun único pago de 3.000 euros sendo este o total da subvención, con cargo á partida orzamentaria 111.0.489.00.02, "Subvencións por razóns humanitarias" do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

O Concello de Vigo actuará de conformidade co disposto no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións.

#### SEXTA.-XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas no art. 30 da Ley Xeral de Subvencións, tendo o compromiso a Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo esta colaboración se plasmará na aportación de un informe das actividades realizadas pola asociación, que obrará en poder da Alcaldía deste Concello con data máxima de 20 de decembro de 2007, que deberá ser confromado por un Técnico municipal que efecturá, asemade, o control do desenvolvemento do Convenio.

#### SÉTIMA. – PERIODO E GASTO SUBVENCIONABLE

Serán subvencionables todos os gastos que se produzan no exercicio do 2007, relacionados coa actividade da asociación.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2007.

#### OITAVA. – PUBLICIDADE

Toda a publicidade das actividades desta Asociación que teñan relación co obxecto deste convenio deberan realizarse por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo, en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice.

Neste sentido a Rede de Mulleres Veciñais, en todo acto de difusión nos medios de comunicación, deberá informar da colaboración da Concello de Vigo nos termos establecidos no presente convenio.

O Concello de Vigo incluírá este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas de publicidade.

#### NOVENA - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente, e as correspondentes penalizacións económicas.

#### DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS

A Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo declara baixo a súa responsabilidade, a través da presentación cumplimentada e asinada do Anexo III, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe da axuda concedida.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- CLÁUSULA FINAL

Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e rexime de reintegro de subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa

*Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**2(2289).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, PARA A CONTRATACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL, NO MARCO DO II PLAN GALEGO DE INCUSIÓN SOCIAL. EXPTE. 27179/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21-12-2007 do xefe da área de Acción Social, conformado pola concelleira de Benestar Social e así mesmo informado pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral en datas 19-12-2007 e 21-12-2007, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

A sinatura do convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de Inclusión Sociolaboral, no Marco do Segundo Plan Galego de Inclusión Sociolaboral, neste ano 2008, de acordo co texto e a dotación orzamentaria remitida pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO, PARA A CONTRATACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL, NO MARCO DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL.*

*En Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2008*

**REUNIDOS**

*Dunha parte:*

*D. Anxo Manuel Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 213/2005, do 3 de agosto, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, modificado polos Decretos 332/2005, do 18 de agosto e 454/2005, do 1 de setembro, e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).*

*Doutra parte:*

*D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo nomeado por acordo do concello en data 16 de xuño de 2007, e en representación do mesmo, segundo dispón o artigo 21 b) da Lei 7/1085, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto*

**EXPOÑEN**

*I.- De acordo cos principios de planificación e coordinación, inspiradores entre outros, da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, a Administración Autonómica realizará a planificación xeral dos servizos sociais, coordinando a súa actuación coa das administracións locais, e a de estas entre si, así como coas demais entidades prestadoras de servizos sociais, coa finalidade de atender de forma ordenada e global ás necesidades, sacarlles rendemento aos recursos dispoñibles, garantir a calidade na prestación dos servizos e evitar os desequilibrios territoriais. E en virtude do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polos Decretos 332/2005, do 18 de agosto e 454/2005, do 1 de setembro, polos que se establece a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar compételle a actuación nesta materia.*

II.-A súa vez, o artigo 4 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, configura estes como un sistema integrado orientado á prestación programada de atención e servizos que posibiliten a mellora na calidade de vida e a participación das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinação ou desatención selectiva, así como a prevención e eliminación das causas que estean na orixe daquelas situacións.

III.- En virtude das competencias exclusivas no ámbito de asistencia social que lle corresponden, a Comunidade Autónoma promulgou a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro e pola Lei 16/2004, de 29 de decembro co obxecto de abordar de forma sistemática a problemática da pobreza e da exclusión social, atribuíndo aos concellos funcións de cooperación coa Xunta de Galicia na aplicación da mesma e nos termos nela establecidos.

IV.- O II Plan Galego de inclusión elaborouse de acordo cos principais obxectivos en materia de protección e inclusión social adoptados pola Unión Europea nos cumios de Lisboa a Niza do ano 2000 e 2001 respectivamente, e actualizados mediante a comunicación da comisión de 22 de decembro de 2005 e posteriores informes conxuntos da Comisión e Consello “un novo marco para a coordinación aberta das políticas de protección social e inclusión social na Unión Europea”, e son os seguintes: a) asegurar a inclusión social activa de todos promovendo a participación no mercado laboral e loitando contra a pobreza e a exclusión entre as persoas e colectivos máis marxidados, b) garantir o acceso de todos aos recursos, dereitos e servizos sociais básicos para a participación na sociedade, c) asegurar a boa coordinación das políticas de inclusión, implicando a todos os niveis aos axentes pertinentes.

V.-Tendo en conta, polo tanto estes obxectivos e o carácter multidimensional da pobreza e da exclusión social o II Plan Galego de Inclusión Social abordase, desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando a máxima coordinación e proximidade territorial posible.

VI.- Un dos obxectivos estratéxicos do plan é aumentar a participación no mercado de traballo dos colectivos máis desfavorecidos, mediante políticas activas e personalizadas centradas en lograr a súa inserción sociolaboral.

VII.- Para a consecución deste obxectivo deseñáronse actuacións específicas no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, que precisan a colaboración dos concellos xa que dispoñen de competencias no ámbito dos servizos sociais, e constitúen a administración máis próxima aos cidadáns, entre as que se atopan o presente convenio. O obxectivo xeral do mesmo é promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ao territorio, a través da contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral..

VIII. Hai que sinalar que este convenio tramítase ao abeiro do disposto na Orde da Consellería e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001, que posibilita a tramitación anticipada de expedientes de gasto, no exercicio anterior ao dos orzamentos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de orzamentos do exercicio do ano seguinte aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, neste momento en trámite parlamentario

IX.- A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez establecidas as prioridades en materia de inclusión social, considera de interese continuar a desenvolver unha liña de colaboración, a través dun convenio co Concello de Vigo para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan Galego de Inclusión Social. Pola especificidade do servizo público a prestar non resulta posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin.

Con esta finalidade a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### *PRIMEIRA. Obxecto.*

É obxecto do presente convenio, regular o marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral para persoas e colectivos en situación ou risco de exclusión social, residentes no termo municipal que integran o Concello de Vigo, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social.

##### *SEGUNDA. Contido.*

O Concello de Vigo procederá, con cargo ao orzamento do presente convenio á contratación do persoal que, no seu caso precise, entre profesionais da área social nun número non inferior a tres, para a posta en funcionamento do equipo de inclusión sociolaboral.

Así mesmo, con cargo ao orzamento do presente convenio o Concello de Vigo poderá financiar medidas de acompañamento social vinculados aos itinerarios de inserción das persoas beneficiarias, sempre e cando exista remanente unha vez cubertos os gastos de persoal especificados no parágrafo anterior.

O equipo de inclusión sociolaboral terá como obxectivo esencial promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e productivo.

Os itinerarios individualizados de inserción sociolaboral, previo diagnóstico social e profesional, serán deseñados polo equipo coa participación activa das persoas destinatarias, adecuándoos ás características persoais, sociais e profesionais das mesmas. En todo caso os itinerarios estableceranse para actuar sobre todas as carencias das persoas beneficiarias e nos tempos que o seu diagnóstico aconselle. Incluirán un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego e cando as circunstancias o requiran, actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais.

A metodoloxía de intervención deberá estar configurado polos seguintes elementos, sen prexuízo de posibles novas directrices que poidan ser elaboradas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

*Definición de obxectivos persoais, profesionais e de busca de emprego.*

- *Establecemento dun contrato ou compromiso.*
- *Determinación dos recursos a empregar.*
- *Programación das actividades.*
- *Avaliación e seguimento do itinerario.*

##### *TERCEIRA. Persoas beneficiarias.*

Serán persoas beneficiarias das accións de inserción sociolaboral deseñadas polo equipo de inclusión sociolaboral aquelas, que residindo no Concello de Vigo, se atopen en situación ou grave risco de exclusión social, e con especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo, esta situación será determinada polos servizos sociais de atención primaria ou por outros axentes sociais de recoñecida competencia.

##### *CUARTA. Obrigas do Concello de Vigo.*

Todas aquelas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial:

1. *Realizar a actividade obxecto do convenio.*

2. *Facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Acción Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.*
3. *Non difundir sen a previa autorización da Dirección Xeral de Acción Social calquera información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco deste convenio.*
4. *Adeguar a metodoloxía de intervención, a recollida e proceso de datos da execución das accións así, como os instrumentos xustificativos do gasto ás fórmulas que no seu caso propoña a Dirección Xeral de Acción Social, para o conxunto do plan.*
5. *Participar nas accións de coordinación, información e sensibilización relacionadas co obxecto do convenio que, se é o caso, realice a Dirección Xeral de Acción Social.*
6. *Cumprir as normas de información e publicidade derivadas da cofinanciación destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega a través do II Plan Galego de Inclusión Social.*
7. *Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
8. *Axustarse na execución das accións aos obxectivos que no seu caso estableza a Dirección Xeral de Acción Social.*
9. *Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula sexta deste convenio.*
10. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control.*
11. *Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 12, apartado 8 da Lei 14/2004 do 29 de decembro, de medidas tributarias e réxime administrativo.*
12. *Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gañicai.*
13. *Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.*

#### *QUINTA. Coordinación e control.*

*En atención ó imprescindible desenvolvemento coordinado do II Plan Galego de Inclusión Social, a Secretaría Xeral do Benestar exercerá as funcións de coordinación dos equipos de Inclusión sociolaboral existentes na Comunidade Autónoma, tanto os dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar como os dependentes de entidades locais, sen prexuízo da asignación de funcións de respaldo ao equipo coordinador central do II Plan Galego de Inclusión Social, dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a coordinación técnica destas actividades.*

#### *SEXTA. Orzamento.*

*Para a realización das actividades obxecto do presente convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección xeral de Acción Social, achegará a cantidade de cento sesenta e cinco mil seiscientos corenta euros (165.640.- euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.31.312F.460.0, supeditada a existencia de crédito adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria sinalada no proxecto de Lei de presupostos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2008.*

#### *SÉTIMA. Forma de pagamento.*

*Respecto á forma de pagamento estarase ao disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008, ao establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa de desenvolvemento, ao establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Os pagamentos efectuaranse previa xustificación polo Concello de Vigo, dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados ao efecto. Esta xustificación realizarase mediante certificación do órgano que teña atribuída na devandita entidade as correspondentes facultades de control e acompañarase das facturas orixinais, nóminas, boletíns de*

*cotización a Seguridade Social, documentos de retención do imposto da renda sobre as persoas físicas, así como, dos documentos xustificativos dos pagos.*

*Ata o 80% da contía total concedida, o pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais a conta da liquidación definitiva a medida en que o Concello de Vigo xustifique os gastos realizados na forma prevista anteriormente.*

*Antes de facer efectivo o 20% restante o concello deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto obxecto deste convenio) das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos. Así mesmo, deberá presentar certificación do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria explicativa do desenvolvemento das distintas actuacións.*

*O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.*

*OITAVA. Comisión de seguimento.*

*Créase unha Comisión Mixta Paritaria para a coordinación, seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, que estará integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Acción Social e por dous representantes do Concello de Vigo.*

*Esta Comisión Mixta presidida por un dos representantes da Dirección Xeral de Acción Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirase cando así o solicite algunha das partes, e cando menos unha vez durante o período de vixencia do convenio.*

*NOVENA. Inexistencia de relación laboral.*

*A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.*

*DECIMA. Causas de resolución.*

*Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:*

- 1. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión*
- 2. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, o que dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas cos xuros legais establecidos.*
- 3. O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*

*DECIMO PRIMEIRA. Duración.*

*O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos dende o día 1 de xaneiro de 2008, e terá vixencia ata o 31 de decembro do mesmo ano. En todo caso a vixencia do convenio quedará supeditada á existencia de crédito suficiente e adecuado nas aplicacións orzamentarias sinaladas, do proxecto*

de Lei de orzamentos para o ano 2008.

*DECIMO SEGUNDA. Carácter administrativo do convenio.*

*O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.*

*A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.*

*As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e contra os seus acordos poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á comunicación do acordo, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Non obstante o anterior e segundo o establecido no artigo 44 da antedita lei, o concello poderá previamente requirir á Vicepresidencia, tamén no prazo de dous meses desde a comunicación do acordo, a derogación, anulación ou revogación dese mediante escrito razoado e dirixido á Vicepresidencia.*

*DECIMO TERCEIRA. Inclusión no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios.*

*O concello de Vigo consinte que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración autonómica galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006*

*Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.*

### **3(2290).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 26.781,96 € A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 27167/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21.12.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Culturais, do 10.12.07, conformado polo xefe de Área de Acción Social e pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións do gasto realizado sen fiscalización previa que figura nas facturas 3606V200428-520-611-699-783-868 que se achegan ao expediente, de conformidade coa base 28 dos de execución do orzamento xeral para o exercicio prorrogado de 2007, por importe total de 26.781,96 euros, a favor de SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. , Cif. A 79252219, con cargo á partida 4123.2270100 “Contratación servizo seguridade”.

2º.- Recoñecer a obriga e dispoñer o gasto a favor de Securitas Seguridad España, S.A., Cif. A79252219, con cargo á partida 4123.2270100, por importe de 26.781,96 euros.

### **4(2291).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA XXVI EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR. EXPTE. 10614/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de

Cultura, do 12.12.07, conformado polo concelleiro-delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto de 360 euros con carto á partida 4510.462.00.00 “Premio Eduardo Blanco Amor”, do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Lugo, organizados da XXVI Edición do Premio de Novela “Eduardo Blanco Amor”, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización de dito premio.”

**5(2292).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE CONSTRUCCIONES ALEA S.L. POLA EXECUCIÓN DUN PROXECTO MODIFICADO DE OBRAS NA PISCINA DE VALADARES. EXPTE. 7389/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.12.07 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.12.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Declarar a nulidade dos traballos realizados pola empresa Construcciones Alea, S.L.
- 2º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor de Construcciones Alea, S.L, por un importe total de 64283,43 €, segundo o estipulado na factura nº C.1M/1419.

**6(2293).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE SUSO FERNÁNDEZ S.L. POLAS OBRAS DE REPARACIÓN REALIZADAS NA SOLEIRA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO CARBALLAS. EXPTE. 7390/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.12.07 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.12.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Declarar a nulidade dos traballos realizados pola empresa Suso Fernández, S.L.
- 2º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor de Suso Fernández, S.L, por un importe total de 16259,47 €, segundo o estipulado na fra nº 329/07.

**7(2294).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ROYMER OBRA CIVIL S.L. POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA DE CANDEÁN. EXPTE. 7438/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.12.07 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.12.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Declarar a nulidade dos traballos realizados pola empresa Roymer Obra Civil, S.L.
- 2º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor de Roymer Obra Civil, S.L, por un importe total de 9.877,76 €, segundo o estipulado na factura nº 0119/07.

**8(2295).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6658,10 € A FAVOR DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. EXPTE. 9052/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.12.07, e de acordo co

informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 14.12.07, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 6.658,10.-€ a favor da empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.co CIF B-36743755 pola prestación do servizo de monitoraxe do programa educativo VIGO POR DENTRO desde o 22 ao 30 de novembro de 2007 e decembro de 2007,

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida orzamentaria 422 0 227 06 05 “Vigo por Dentro” ou bolsa de vinculación do vixente presuposto de 2007.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nin limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**9(2296).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.513,35 € A FAVOR DE AUTOCARES LA FLORIDA S.A.L. EXPTE. 9038/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.12.07, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 14.12.07, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 21.513,35.-€ a favor da empresa AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L.. co CIF A-36642536. pola prestación do servizo de transporte do programa educativo “Vigo por Dentro” durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2007.

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida orzamentaria 422 0 227 06 05 do programa “Vigo por Dentro” ou bolsa de vinculación do vixente presuposto de 2007.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nin limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**10(2297).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 19.265,99 € A FAVOR DE SERYGES S.L. EXPTE. 9039/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.12.07, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 14.12.07, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 19.265,99.-€ a favor da empresa SERYGES, S.L.. co CIF B-36813970 pola prestación da asistencia técnica para xestión e control do mantemento correctivo e preventivo das instalacións de calefacción, depósitos de propano, gas, rede eléctrica e aforro enerxético dos centros públicos de educación infantil e primaria e de escolas municipais durante o ano 2007.

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida orzamentaria 422 0 227 06 10 estudos e traballos técnicos do vixente presuposto de 2007.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nen limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**11(2298).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVO R
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	07064641	1.200,00	1.200,00	----	----
BERNARDEZ GIL SELA	07057546	6.000,00	5.961,44	38,56	----
CABRERA RIANDE JORGE	07016269	300,00	296,58	3,42	----
CABRERA RIANDE JORGE	07050905	1.000,00	999,79	0,21	----
CABRERA RIANDE JORGE	07056313	300,00	288,62	11,38	----
COMESAÑA ALEN JUAN	07057569	1.500,00	1.442,80	57,20	----
COMESAÑA ALEN JUAN	07057577	10.600,00	10.589,39	10,61	----
COMESAÑA ALEN JUAN	07069814	111,00	111,00	----	----
DEL CASTILLO MARTIN CARMELO	07062570	120,00	88,58	31,42	----
DEL CASTILLO MARTIN CARMELO	07062571	91,23	91,23	----	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	07046794	1.000,00	860,48	139,52	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	07050188	1.000,00	416,17	583,83	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	07050191	1.000,00	411,96	588,04	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	07051377	1.000,00	266,81	733,19	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	07064598	12.000,00	11.954,00	46,00	----
LOPEZ MOURE JESUS	07066582	20.640,00	20.640,00	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESUS	07064366	630,00	630,00	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESUS	07064368	500,00	181,38	318,62	----
MAGDALENA VILA Mª JESUS	07064369	328,81	328,81	----	----
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	07003796	1.158,84	1.158,84	----	----
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	07003797	228,00	228,00	----	8,65
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	07003798	74,80	74,80	----	----
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	07020870	700,00	700,00	----	----
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	07026722	148,20	148,20	----	----
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	07026723	91,23	75,41	15,82	----
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	07070258	117.009,80	117.009,80	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	07050212	500,00	476,21	23,79	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07006464	206,74	206,74	----	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07006465	500,00	394,97	105,03	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07052461	200,00	180,86	19,14	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07052462	103,37	103,37	----	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07064213	514,40	500,90	13,50	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07064218	231,39	231,39	----	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07064219	231,39	231,39	----	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07064220	514,40	481,40	33,00	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07064363	1.000,00	1.000,00	----	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07066908	635,00	635,00	----	----
RODRIGUEZ LAGOÁ ELISA	07070252	220,00	220,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	07046726	3.000,00	2.903,71	96,29	----
SANROMAN VARELA Mª JESUS	07033270	10.000,00	1.340,71	8.659,29	----

SANROMAN VARELA Mª JESUS	07045372	28.000,00	28.000,00	----	----
SANROMAN VARELA Mª JESUS	07048405	30.000,00	23.732,35	6.267,65	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	07060581	1.000,00	303,27	696,73	----
		255.588,6	237.096,36	18.492,24	8,65
TOTAL XUSTIFICADO.....			237.096,36		

**12(2299).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN “COORDENADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES” E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO VII ENCONTRO INTERNACIONAL DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES E A DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES DE VIGO. EXPTE. 3118/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de xurídico favorable, do 19.12.07, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 3.12.07, conformado pola concelleira delegada de Igualdade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre a “Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres e o Concello de Vigo para a realización do VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres e a Dinamización da Casa das Mulleres de Vigo”.

2º Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º Autorizar o gasto de 50.000 euros (cincuenta mil euros) distribuídos do seguinte xeito: 12.000.-€ con cargo á partida presupostaria 4632.4890006 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente e 38.000.-€ con cargo á partida 4632.4890006 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto futuro do exercicio 2008 da concellería de igualdade para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º Aprobar o texto que de seguido se dí:

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “COORDENADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES” PARA A REALIZACIÓN DO VII ENCONTRO INTERNACIONAL DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES E A DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES DE VIGO.*

*En Vigo, a            de decembro de 2007*

**REUNIDAS**

*Dunha parte, a Dona. Iolanda Veloso Ríos, Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo en nome e representación do mesmo.*

*Doutra parte, Dona Victoria Iglesias Molares, en nome e representación da Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres (en adiante MMM) con CIF G-15773013 e domicilio na Rúa Romil, 20, Vigo, no seu cargo de*

*Presidenta da devandita asociación, actuante en representación desta segundo dispón o artigo 17 dos seus estatutos.*

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e*

## EXPOÑEN

1º.- A Concellería de Igualdade é competente, conforme a vixente lexislación de rexime local e o Decreto de delegación de alcaldía de data 5 de xullo de 2007 e delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007, para a colaboración no financiamento a entidades de iniciativa social, en actividades que incentiven a participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social.

2º.- Que a Marcha Mundial das Mulleres ten previsto realizar na comarca de Vigo no ano 2008 o “VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres”, no que se ten previsto a participación de representantes de máis de 60 países.

3º.- Que a organización deste encontro constitúe un axeitado vehículo de promoción da igualdade, da participación social das mulleres e de dinamización da Casa das Mulleres, obxectivos todos eles acordados co “3º Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”, polo que a Concellería de Igualdade considera axeitado a elaboración dun convenio de colaboración entre ambas entidades.

Para plasmar esta colaboración fórmulanse as seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e a Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres para a realización do VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres e para a dinamización da Casa das Mulleres, segundo o proxecto presentado pola Asociación de Mulleres e que se recolle no Anexo I e no Anexo II deste convenio.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA COORDENADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

- a) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concibidos.
- b) Declara non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (art. 13.7 LXS) polo que presentará debidamente cumplimentada e asinada a declaración que se acompaña no Anexo IV.
- c) Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando o equipo humano para tal fin, así como cumprir co programa que figura no Anexo I. As actividades programadas atenderán especialmente aos fins e obxectivos recollidos no “plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes” e no “plan municipal contra a violencia de xénero” que estén vixentes.
- d) Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
- e) Remitir á finalización do convenio un informe sobre a súa execución e os resultados acadados.
- f) Difundir a colaboración da Concellería de Igualdade nos termos descritos no presente convenio e insertar en lugar visible os logos da Concellería de Igualdade en todo o material escrito e audiovisual que se edite, así como facer pública esta colaboración en todo acto dirixido aos medios de comunicación.
- g) Como contrapartida á axuda concedida, a Marcha Mundial das Mulleres comprométese a dinamizar durante todo o período de vixente deste convenio o espazo municipal “Casa das

*Mulleres” programando e fomentando as actividades e os actos que teñan por obxecto contribuir á construción da identidade da muller como suxeito de cambio social propiciando a actividade das mulleres nos espazos colectivos e buscando xerar propostas que contribúan a mellorar a vida das mulleres. (Anexo II)*

*g) A entidade está autorizada a concertar con terceiros/as ata un máximo do 80% da execución das actividades obxecto do presente, como poden ser: publicidade, equipamentos, alugueres de maquinaria, formación, etc. Quedando excluídas as prestacións de carácter persoal, salarios, etc.*

*i) Todas as actividades desenroladas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de contingencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

*j) As obrigas da Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres como beneficiaria da subvención, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.*

#### **TERCEIRA.- COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA**

*O custo total da realización das actividades e gasto de preparación e realización do proxecto presentado e que soportará a entidade beneficiaria segundo o orzamento presentado pola Asociación e que figura como Anexo III deste convenio, ascende a un importe total de 215.000.-€. Do orzamento total da actividade subvencionada o Concello de Vigo comprométese ao pagamento de 50.000.-€ (cincuenta mil euros) a favor da “Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres” con CIF G-15773013 para a organización, planificación e desenvolvemento das actividades descritas nos Anexos I e II durante a vixencia do convenio. O importe da axuda aboarase con cargo á partida de gasto 4632.4890006 da concellería de igualdade, distribuída do seguinte xeito: 12.000.-€ con cargo á partida 4632.4890006 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente e 38.000.-€ con cargo á mesma partida de gasto do orzamento previsto para o ano 2008 da concellería de igualdade.*

*A axuda do Concello de Vigo incluírá o mantemento da páxina web, os servizos de tradución simultánea, publicidade, alugueiro de equipamentos informáticos, salarios, aluguer de material, etc segundo o orzamento presentado pola entidade e que se incorpora ao convenio como Anexo III.*

*A Concellería de Igualdade comprométese a poñer a disposición da Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres o espazo de traballo preciso para desenvolver a organización do VII Encontro Internacional. Dito espazo estará emprazado na Casa das Mulleres de Vigo.*

#### **CUARTA.- XEITO DE PAGO**

*O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en cinco partes:*

*a) A primeira por importe de 6.000.-€, como anticipo, coa firma do presente convenio con cargo ao orzamento vixente da concellería de igualdade*

*b) a segunda por importe de 6.000.-€, con cargo ao orzamento do exercicio 2007, previa a entrega, antes do 30 de xaneiro de 2008, dos xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar, correspondentes á actividade desenvolta no 2007.*

*c) a terceira por importe de 10.000.-€, no mes de xuño de 2008, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*d) a cuarta por importe de 10.000.-€, no mes de setembro de 2008, previa achega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*e) a quinta e última por importe de 18.000.-€, no mes de decembro de 2008 previa a certificación da concellería de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue unha memoria final da actividade desenvolta durante a vixencia do convenio e os xustificantes*

*orixinais de gasto do resto da axuda da subvención pendente de xustificar.*

#### **QUINTA.- XUSTIFICACIÓN.**

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar a execución do gasto do importe da subvención concedida. Igualmente deberá incorporar unha certificación actualizada do conxunto de axudas solicitadas e/ou percibidas polo mesmo obxecto do convenio. A súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións).*

#### **SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DO CONVENIO**

*Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira delegada de Igualdade, estará formada, previo nomeamento da Presidenta por:*

*.- A Presidenta da Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres ou persoas nas que estas deleguen.*

*.- A xefa do servizo de Igualdade do Concello de Vigo*

#### **SÉTIMA.- PERIODO E GASTO SUBVENCIONABLE**

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia dende o 1 de setembro de 2007 ata o 31 de decembro de 2008. Neste período deberán estar rematados todos os trámites a él referidos.*

*Non obstante, a aplicabilidade do convenio no exercicio 2008 subordinase que nos orzamentos do ano 2008 se aprobe definitivamente o crédito inicialmente aprobado, con carácter nominativo, para o fin obxecto do convenio, sen que desde convenio se derive obriga algunha para o Concello-Pleno de aprobar definitivamente tal crédito nos orzamentos de 2008.*

*Serán gastos subvencionables os que se produzan durante o período de vixencia e se correspondan cos gastos de organización e desenvolvemento das actividades descritas no proxecto presentado pola entidade e estén incluídas no orzamento presentado e que se incorpora ao convenio como Anexo III.*

#### **OITAVA.- INCUMPRIMENTO DO CONVENIO**

*O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.*

#### **NOVENA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO**

*A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.*

#### **DÉCIMA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONES**

*A Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres declara baixo a súa responsabilidade, a través da presentación cumplimentada e asinada do anexo V, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe, se procede, da axuda concedida.*

#### **○DÉCIMO PRIMEIRA.- CLÁUSULA FINAL**

*Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas básicas da Lei Xeral de Subvencións de Galicia sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e*

*sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, o non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño, no seus*

*preceptos básicos; a lexislación básica do estado sobre réxime local; a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia; as Bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, no seu defecto, as normas do dereito privado.*

*En proba de conformidade e aceptación das cláusulas, asinan as comparecentes perante do Secretario Xeral do Concello de Vigo, que da fe, o día sinalado ó principio”.*

**13(2300).- ABOAMENTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE POLA PROPIEDAD DO LOCAL SITO NA RÚA QUINTELA Nº 31. EXPTE. 18208/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 19.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar á Comunidade de propietarios da rúa Quintela nº 31, en concepto de pago de cota de comunidde correspondente a este Concello como propietario dun baixo comercial en dito inmovible, polos meses de novembro de 2006 a outubro de 2007, a cantidade de 953,00 euros.

**14(2301).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO ARQUITECTÓNICO DAS OBRAS DE MUSEALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA (2ª FASE). EXPTE. 3517/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.12.07 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 14.12.07, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-lo proxecto modificado nº 2, sen incremento económico, do proxecto arquitectónico das obras de musealización da vila romana de Toralla (2ª fase), redactado polos directores das obras, Juan Luís Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez Cadarso, e adxudica-las mesmas á empresa Norvial, S.L. de acordo cos pregos de condicións que rexeron a contratación inicial.

**15(2302).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ACORDO DE MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO NAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18144/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 27.12.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- 1. Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- 2. Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- 3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- 4. Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- 5. Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*

6. *Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
7. *Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).*
8. *Real Decreto 1372/1986, de 13 xuño, regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*
9. *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
10. *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto, dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo.*
11. *Constitución española de 6 de decembro de 1978.*

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 13 de xuño de 2007.*

*Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en data 12 de novembro de 2007, acordou aprobar inicialmente determinadas modificacións deste contrato. Así, adoptou, entre outros, os seguintes acordos: “2º.- Aprobar inicialmente o cambio de traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposto pola UTE Eloymar-Tranvías, segundo os planos presentados.*

*3º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6.4 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006”.*

*Así mesmo, acordou someter a información pública polo prazo de 30 días estas modificacións, téndose presentado dentro deste prazo alegacións por:*

1. *D. Ignacio Piñeiro Gómez, en nome e representación da UTE APARKVIGO, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de decembro de 2007.*
2. *D. Jesús Amante Alonso Vila y “CHILREU, S.L”, representada por D. Evaristo Crespo García, en nome e representación da mercantil “Gestión y Promoción de Parkings y Aparcamientos, S.L.”, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2007.*
3. *D. José Luis Varela Paz e D. Alberto Moreno García, en nome e representación da mercantil “Parking Rosalía de Castro, S.L.”, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2007.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

*A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á UTE Eloymar – Tranvías pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este*

*contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.*

-II-

*Téndose presentado alegacións ó acordo de aprobación inicial de determinadas modificacións contractuais de data 12-11-2007, é preciso contestar ás mesmas con carácter previo á aprobación definitiva destas modificacións.*

*Na primeira das súas alegacións o Sr. Piñeiro limitábase a citar o artigo 6.4 do PCAP. Na segunda alegación pon de releve que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12-11-2007 modifica tanto o contrato como o prego que o precedeu, extremo que considera que implica unha alteración dos parámetros que serviron de referencia para a puntuación das ofertas e para a selección dos adxudicatarios efectuada con posterioridade á adxudicación, e en consecuencia, unha avantaxe para o adxudicatario, que non cumprira a oferta seleccionada senón unha distinta.*

*No entanto, o obxecto do contrato que nos ocupa é a redacción do proxecto, construción e posterior explotación en réxime de concesión administrativa de tres aparcadoiros para vehículos automóbiles nas rúas Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz da nosa cidade (artigo 2 PCAP). O feito de que se altere a traza dun destes aparcadoiros, o previsto na rúa Policarpo Sanz, e a orde de execución dos mesmos non afecta o resultado final e, polo tanto, non afecta o obxecto contractual. Por outra banda, é de reseñar que nin a traza nin a orde de execución están entre os criterios tidos en conta para a adxudicación do concurso, polo que a modificación destes aspectos non afecta a posible valoración de cada un dos licitadores na fase de concurso. Os criterios de adxudicación e os seus baremos correspondentes son os previstos no artigo 14 PCAP:*

- 1. Importe das tarifas medias polo uso rotatorio dos aparcadoiros.*
- 2. Calidade e fiabilidade dos proxectos básicos.*
- 3. Compromiso de aportacións específicas en dotación para urbanización de cuberta e mellor solución á urbanización en relación co entorno urbano na que se localiza.*
- 4. Compromiso de aportacións de interese público en acabados e instalacións de obra.*
- 5. Importe do prezo medio das prazas de cesión para residentes.*
- 6. Fiabilidade do plan financeiro.*
- 7. Método construtivo que supoña menor impacto na ordenación de tráfico durante a execución da obra.*
- 8. Menor porcentaxe para os abonos diúrnos, nocturnos e de 24 horas dos previstos nos artigos 83.5, 84.5 e 85.4 do PCAP.*
- 9. Mellor proxecto de desvío de tráfico en función das diversas fases de execución das obras.*
- 10. Redución dos prazos máximos de execución.*
- 11. Maior porcentaxe de provisión anual que, para a execución das obras de mantemento extraordinarias se fixan no artigo 25.*
- 12. Propostas tecnolóxicas que melloren o Prego de Cláusulas Administrativas orientadas a facilitar o servizo ó usuario e a información municipal.*
- 13. Cuantificación de baremos de adxudicación do concurso.*

*As modificacións acordadas supoñen o exercicio do ius variandi da Administración. A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os*

contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigo 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP. E en exercicio desta facultade, con suxeición ós requisitos legais, a saber, previa audiencia do contratista e indemnizacións que resulten procedentes (artigo 59 LCAP), dándose os presupostos que autorizan o exercicio do ius variandi, razóns de interese público debidas a necesidades novas ou causas imprevistas (artigo 101 LCAP), previo cumprimento da obriga de xustificalo debidamente no expediente, esta Administración acordou modificar a traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz e alterar a orde de execución dos aparcadoiros.

Sen embargo, a xuízo do alegante, as causas imprevistas que xustificaron a adopción do acordo de modificación non son tales por canto a existencia dun túnel no tramo da traza do aparcadoiro de Policarpo Sanz que discorre entre o entronque das rúas Alfonso XII e García Barbón ata a rúa República Argentina era coñecida por esta Administración dende o ano 1910, o cambio do sistema construtivo deste aparcadoiro considera que non é unha necesidade senón unha simple conveniencia do adxudicatario, e non ve outra razón que non sexa a económica para alterar a orde de execución dos aparcadoiros, alegando que a necesidade de elaborar un estudio arqueolóxico para a rúa Areal era evidente. Aínda que o túnel fora coñecido por algúns funcionarios municipais non o era polo equipo redactor do anteproxecto que serviu de base á licitación. Temos que recordar que os pregos de cláusulas técnicas e administrativas e o anteproxecto que rexeron o concurso para a adxudicación do presente contrato foron sometidos a información pública e nin durante este período de información pública nin durante a posterior fase de concurso, na que o alegante participou como licitador, ninguén puxo de releve nin a existencia do túnel nin o feito de que se estaba a proxectar un aparcadoiro sobre terreos que non é posible determinar a priori se son de titularidade municipal. De feito, o estudio xeotécnico efectuado con carácter previo a elaboración pola administración do anteproxecto base da licitación, non puxo de releve a existencia nin deste túnel nin dun garaxe dun edificio de propiedade privada. Para determinar a titularidade tanto do túnel como das prazas de garaxe do edificio sería preciso incoar un expediente informativo consonte o establecido nos artigos 45 e seguintes do RBEL. Unha vez resolto este expediente, sería preciso, no caso eventual de que resultase propietario do subsolo RENFE, adquirir a súa propiedade para poder construír este tramo de aparcadoiro e de non acceder o propietario a súa venda, a imposibilidade de construír o tramo afectado. O mesmo ocorre co garaxe do edificio. Esta administración tería que incoar un previo expediente informativo, e de resultar que a propiedade lle pertence ó concello, un posterior expediente de recuperación de dominio, nos termos dos artigos 70 e 71 RBEL, ou se resultase de propiedade privada, a alternativa xa exposta: comprar a propiedade ou imposibilidade de construír o devandito tramo. Todos estes procedementos dilatarían no tempo o inicio das obras, e de resultar o subsolo ocupado de propiedade de terceiros este feito podería determinar a imposibilidade de construír este tramo, o que levaría necesariamente ó axuste do equilibrio financeiro do contrato, ou de resultar antieconómica a explotación do aparcadoiro con esta extensión máis reducida, a resolución do contrato, posibilidades ambas as dúas que implicarían gastos para as arcas municipais. Así mesmo, desvirtuaríase as razóns de interese público que levaron a licitación da concesión de servizo público para a construción e explotación de varios aparcadoiros, a necesidade de crear novas prazas de aparcamento na cidade. En virtude ó exposto, pareceu máis axustado ó interese público o cambio de traza. E no seu escrito, o Sr. Piñeiro non esgrime argumento ningún que poida desvirtuar este razoamento.

Con respecto ó cambio do sistema construtivo, non se prevé, senón que precisamente se xustifica o cambio de traza, entre outras razóns, no feito de que de respectar a traza inicial resultaría invalidada a realización dunha pantalla de pilotes que é o sistema previsto, e para realizar a demolición do túnel e a posterior construción da lousa superior do aparcadoiro subterráneo sería preciso executar unha escavación a ceo aberto e posterior execución de muros e lousas tradicionais. Esta tipoloxía de construción implicaría un peche total do tráfico rodado e un tempo de execución das obras superior, así como un risco elevado para as construcións colindantes, especialmente a Igrexa de Santiago de Vigo, moi próxima ó túnel.

Por último, respecto a alteración da orde de execución, finaliza esta alegación segunda afirmando que a mesma supón unha infracción dos principios de legalidade, seguridade xurídica e confianza lexítima que deben presidir toda actuación administrativa e que constitúe un fraude ó concurso. O principio de legalidade, consagrado nos artigos 9 e 103 da CE persegue o sometemento da Administración á lei e o resto do ordenamento xurídico, e as modificacións obxecto do presente procedemento se teñen acordado con sometemento ós requisitos esixidos pola lexislación de contratación administrativa e demais lexislación aplicable, polo que se respectou en todo momento o principio de legalidade. O principio de confianza lexítima, xunto co de boa fe, positivados no artigo 3 LRJAP, deriva do principio de seguridade xurídica (artigo 9.3 CE)

*segundo a Exposición de Motivos da LRJAP, e significa que os cidadáns han de ter a seguridade de que a actuación das Administracións públicas non pode ser alterada arbitrariamente. A administración viola a boa fe cando falla á confianza que ten despertado nos cidadáns e procede contra ós seus propios actos. No caso que nos ocupa a Administración municipal non vai contra os seus propios actos senón que se limita a modificar determinados aspectos contractuais non esenciais, que non afectan ó obxecto contractual, en uso dunha potestade que lle ven recoñecida no ordenamento xurídico, o ius variandi. No entanto, o principio de confianza lexítima, consonte a doutrina xurisprudencial consagrada polo Tribunal Supremo so se aplica “cuando dicha “confianza” se funda en signos o hechos externos producidos por la Administración lo suficientemente concluyentes que induzcan a aquél a confiar en la “apariencia de legalidad” que la actuación administrativa a través de actos concretos revela, moviendo a la voluntad del administrado a realizar determinados actos, inversiones económicas, medios materiales y personales, que después no concuerdan con la verdadera voluntad de la Administración y sus consecuencias, reveladas y producidas con posterioridad a la material realización de aquéllos por los particulares; máxime cuando dicha “apariencia formal de legalidad” que indujo a racional confusión en el interesado, originó en la práctica para éste unos daños y perjuicios que, jurídicamente, no tiene por qué soportar” (STS de 21 de setembro de 2000), é dicir, o particular so pode invocar este principio cando se dan determinadas condicións: que confiando na legalidade da actuación administrativa realice unha acción posterior que lle cause un prexuízo, presupostos que no se dan no caso que nos ocupa, polo que non poden entenderse conculcados os principios alegados.*

*Na súa terceira alegación o Sr. Piñeiro incide en que non se dan os requisitos esixidos polo artigo 59 LCAP para que se modifique o contrato: interese público e ausencia de incidencia nas condicións económicas do contrato. Sen embargo, os requisitos esixidos polo mencionado artigo son: interese público e audiencia ó contratista, e cando a cando a contía das modificacións sexa superior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato e este sexa igual ou superior a 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) e se formule oposición por parte do contratista esixe tamén informe preceptivo do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.*

*Continúa manifestando o Sr. Piñeiro na alegación cuarta que as modificacións son significativas, que non entran no ámbito do ius variandi da Administración e que so benefician o contratista. Máis non xustifica estes extremos con preceptos legais nin rebate os argumentos esgrimidos por esta Administración no acordo de data 12 de novembro de 2007, polo que non procede acoller ningún dos seus argumentos.*

*-III-*

*A mercantil “Gestión y Promoción de Parkings y Aparcamientos, S.L.” na súa primeira alegación xustifica a súa calidade de interesada no presente expediente.*

*Na alegación segunda alude o que considera un vicio de nulidade do procedemento, a incorrecta delimitación do obxecto do contrato, cuestión que non procede contestar nesta sede por estar sub iudice e non ter relación co modificación obxecto do presente acordo.*

*A alegación terceira considera que no se cumpren no presente caso os requisitos esixidos polos artigos 59 e 101 LCAP e 97 RCAP para o exercicio do ius variandi da Administración, cuestión xa contestada no fundamento II do presente escrito, e pon de releve a imposibilidade de determinar, tras o exame do expediente se a modificación proposta supera o límite do 20% do prezo do contrato ó obxecto de que resulte necesaria a solicitude de informe ó Consello Consultivo. Se ben é certo que en ningún informe técnico dos obrantes no expediente se determina o porcentaxe da modificación sobre o prezo primitivo do contrato, ilo é debido a que o traslado da traza non implica maior ou menor custo por canto non se varía a superficie do aparcadoiro e o prezo e o mesmo. Ademais a lei esixe informe preceptivo do superior órgano consultivo da nosa comunidade autónoma so no caso de que o contratista formule oposición á modificación proposta pola Administración, trátase dunha cautela imposta pola lei en favor do contratista para evitar precisamente que a Administración, en aras dun suposto interese público, modifique unilateralmente o obxecto do contrato e imponha estas modificacións ó contratista. No caso que nos ocupa a mercantil adxudicataria, en trámite de audiencia, manifestou a súa conformidade as modificacións propostas.*

*Na alegación cuarta se considera inadmisíbel a modificación proposta pola Administración ó alterar de modo esencial os elementos orixinais do contrato, o que considera una infracción dos principios de legalidade e confianza lexítima que deben inspirar a actuación das administracións públicas, extremo este obxecto de cumprida resposta no fundamento II deste escrito.*

Os representantes da mercantil “Parking Rosalía de Castro, S.L.” na alegación primeira límitanse a citar determinados artigos do prego de cláusulas administrativas que rexeu o concurso para a adxudicación do lote 1 de aparcadoiros, polo que non merece comentario ningún.

A alegación segunda comeza establecendo que os pregos de cláusulas administrativas particulares son a lei do concurso, con forza vinculante para ambas partes contratantes. Continúa manifestando que o Concello, unha vez adxudicado o contrato e a conveniencia dos adxudicatarios pretende alterar, a conveniencia dos adxudicatarios, as condicións deste prego, o que conclúe constitúe unha creba dos principios de legalidade, seguridade xurídica e confianza lexítima, extremos xa contestados no fundamento xurídico II.

A alegación terceira comeza negando a concorrencia dos requisitos esixidos polo artigo 59 LCAP para as modificacións contractuais: a concorrencia de razóns de interese público e que a contía das modificacións non exceda do 20% do prezo do primitivo contrato. No entanto, o alegante parte do erro de considerar este 20% do prezo do contrato como límite ó ius variandi da Administración, sen embargo, é un límite que opera a favor do contratista respecto as modificacións que lle pode impoñer a administración contratante, se as modificacións propostas pola Administración superan este límite é preciso ó seu consentimento, e de non mediar ó mesmo a Administración ten a obriga de solicitar un previo e preceptivo informe dun órgano consultivo superior, Consello de Estado ou Consello Consultivo da Comunidade autónoma respectiva, segundo quen sexa a Administración contratante. Respecto a concorrencia de razóns de interese público que xustifiquen a modificación, insiste no coñecemento por parte do Concello da existencia do túnel de RENFE, extremo xa tratado no fundamento II, e considera que a necesidade de elaborar un proxecto arqueolóxico para o aparcadoiro da rúa Areal tamén era coñecida. Se ben non era descoñecido para esta Administración que o aparcadoiro está situado no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, polo que a Consellería de Cultura terá que autorizar calquera intervención que lle afecte (artigo 54 LPCG), non era determinable a priori o tipo de intervención precisa. Así, a Consellería, ten a obriga, como medida precautoria, de ordenar o control arqueolóxico, entendido como a supervisión por un arqueólogo dun proceso de obras que afecten ou poidan afectar a un espazo onde se presuma a existencia de restos arqueolóxicos. Máis, mentres non se atopen restos arqueolóxicos, en principio non é necesario ordenar ningún tipo de intervención arqueolóxica (artigo 56.3 LPCG). Á vista de que a resolución da Delegación Provincial da Consellería de Cultura de 28/09/2007 non informa sobre o proxecto básico do aparcamento da rúa Areal ata obter os resultados das sondaxes arqueolóxicas que deberán realizarse, para o cal, deberá presentarse un proxecto de intervención arqueolóxica para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a esta Administración pareceulle convinte, ante a imposibilidade de determinar a priori a duración deste proceso, o comezo da execución do lote 1 polo aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz, dado que resulta de interese público recuperar prazas de aparcamento no centro da nosa cidade o máis rapidamente posible así como crear novas prazas de aparcamento subterráneo para paliar a escaseza de prazas de aparcamento en superficie, extremo non discutido por ningún dos alegantes.

Inciden todos os alegantes en considerar fundamental a alteración do orde de execución dos aparcadoiros, ata o extremo de considerar que a mesma infrinxe a legalidade vixente e implicaría a nulidade do acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de novembro de 2007. Parten os tres do erro de considerar que o prego establece unha orde excluínte de execución. Máis o certo é que se ben o artigo 6.4 inicialmente previa comezar a execución do contrato referente o lote 1 coa construción do aparcadoiro previsto na rúa Areal (apartado a), non impedía que paralelamente se construíse o aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz, senón que ó efecto de evitar problemas ó tráfico de vehículos no casco urbano, e dada a proximidade de ambas rúas condicionase a execución deste segundo aparcadoiro ou ben o remate das obras do aparcadoiro da rúa Areal ou ben “cando a xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan a fluidez do tráfico rodado no seu contorno” (apartado c). É dicir, que o prego outorga ó órgano de contratación a facultade de autorizar o comezo das obras de Policarpo Sanz ó momento que estime oportuno sempre e cando exista un informe favorable do departamento de tráfico respecto o mantemento da fluidez do tráfico na zona, con independencia da finalización ou non da construción do da rúa Areal.

Finaliza o alegante interpoñendo recurso de reposición contra o punto 1 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 12-11-2007 que dice: “1º.- Aprobar os axustes da traza dos aparcadoiros das rúas Areal e Pintor

Colmeiro propostos pola UTE Eloymar-Tranvías en sendos escritos de 25 de setembro e 5 de outubro de 2007, polas razóns expostas no corpo deste informe”. Sen embargo, estas modificacións que non poden encadrarse no exercicio do ius variandi da Administración, senón que son axustes do proxecto básico presentado de cara a redacción do proxecto de obras definitivo (neste sentido STS de 16 de febreiro de 1979), son incidencias da execución dun contrato e que por tanto afectan a dúas partes: a Administración contratante e o contratista. A propia lei de contratos, no seu artigo 229.3 da entrada a estas eventuais melloras ou axustes á hora de formular o contrato o proxecto de obras, preceptuando que será de aplicación o réxime de melloras do anteproxecto elaborado pola Administración, sempre e cando o prego de cláusulas administrativas particulares o autorice, e nos termos que este establece (artigo 228.5 LCAP), posibilidade recollida no artigo 30 PCAP. O propio prego de prescricións técnicas que rexeu o concurso para a adxudicación deste contrato admite esta posibilidade no seu artigo 6 apartado 2.6 ó dicir que “o proxecto de construción axustarase ás especificacións contidas neste prego. Nembargantes, previa xustificación, poderanse adoptar solucións distintas que melloren a funcionalidade e as características construtivas da obra e das súas instalacións. Calquera variación deberá ser unha mellora sobre as características mínimas que se indican no presente prego”. Tratándose de incidencias na execución, e no sendo o alegante un das partes contractuais non é posible recoñecerlle a condición de interesado, pois a súa esfera xurídica non pode resultar afectada por estas modificacións contractuais, requisito sine qua non esixido polo artigo 31 LRJAP para recoñecerlle a condición de interesado, polo que carece de lexitimación para a interposición do presente recurso de reposición, que ha de inadmitirse de plano, sen entrar a valorar o fondo do asunto.

-V-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar as alegacións formuladas por:

1. D. Ignacio Piñeiro Gómez, en nome e representación da UTE APARKVIGO, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de decembro de 2007.
2. D. Jesús Amante Alonso Vila y “CHILREU, S.L”, representada por D. Evaristo Crespo García, en nome e representación da mercantil “Gestión y Promoción de Parkings y Aparcamientos, S.L.”, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2007.
3. D. José Luis Varela Paz e D. Alberto Moreno García, en nome e representación da mercantil “Parking Rosalía de Castro, S.L.”, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2007.

2º.- Inadmitir o recurso de reposición formulado por D. José Luis Varela Paz e D. Alberto Moreno García, en nome e representación da mercantil “Parking Rosalía de Castro, S.L.”, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2007, por carecer os recorrentes a calidade de interesados consonte ó previsto no artigo 31 da LRJAP.

3º.- Aprobar definitivamente o cambio de traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposto pola UTE Eloymar-Tranvías, segundo os planos presentados.

4º.- Aprobar definitivamente a modificación do artigo 6.4 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

6.4.- Dado que o concurso se convoca para a construción e para a xestión (servizo público) de seis aparcadoiros e outro anexo un deles situados todos en diferentes zonas do núcleo urbano central da cidade, a realización das diferentes obras, ó obxecto de evitar problemas no tráfico, adecuarase á seguinte programación:

- En primeiro lugar executaranse os aparcadoiros localizados nas rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Genaro de la Fuente (Lote nº 2).

- Ó obxecto de evitar obras continuas en lugares cercanos contiguos os aparcadoiros das Rúas Pintor Colmeiro (Lote nº 1) e Rosalía de Castro e anexo (Lote nº 2) construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación. Nestes supostos os Proxectos de Construción deberán ter en conta e coordinarse co previsto nos Proxectos de Urbanización. Non obstante o exposto ó órgano de contratación, xustificadamente, en virtude dos informes que neste senso se emitan, poderá autorizar o comezo das obras mencionadas sempre e cando tales informes indiquen que as obras de urbanización dos ámbitos urbanísticos concluíranse antes ou ó mesmo tempo que as dos aparcadoiros citados.
- Os aparcadoiros da rúa Areal (Lote nº 1) de da Avenida Castela (Lote nº 2) construíranse, respectivamente, unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros das rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Pintor Colmeiro (Lote nº 1) ou ben, cando ó xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan á fluidez do tráfico rodado no seu contorno.

5º.- Levantar a suspensión acordada do prazo de entrega do proxecto de construción do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz fixado na resolución da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2007 , volvendo a correr o mesmo dende a aprobación do presente acordo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(2303).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA E IMPRESOS. EXPTE. 109/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 26.12.07, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno do concello celebrada o 29-05-2006 adjudicou a subministración de material de oficina, impresos e papel de fotocopiadora da forma seguinte:*

*Lote 1: impresos a D. Juan Manuel Saez Silva*

*Lote 2: material de oficina a Paz Dismac, S.L.*

*Lote 3: papel de fotocopiadora a Guilbert España, S.L.*

*Na cláusula II do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase que o contrato tería vixencia durante os anos 2006 e 2007. En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A empresa Guilbert España, S.L. renunciou a prorrogar o contrato pola evolución dos custos do papel.*

*Respecto do contrato subscrito con D. Juan Manuel Saez Silva e a causa do seu falecemento o día 05-06-2007, aínda hai pendentes de entregar impresos por un importe de 22.889,07 euros, os seus sucesores comprometeronse a continuar con este contrato para o que constituiron unha sociedade limitada para continuar coa explotación do negocio dedicado as artes gráficas comprometéndose a empregar os medios materiais e humanos que o finado comprometera a execución do contrato.*

*Aínda que a morte do empresario individual é unha das causas de resolución dos contratos administrativos de acordo co disposto no artigo 111 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no parágrafo 3 do artigo 112 de dita Lei se establece que cando a causa de resolución do contrato sexa a morte , a administración municipal poderá acordar a continuación do contrato cos seus heredeiros ou sucesores.*

*Os contratos tanto de subministro de material de oficina como de confección de impresos, (este ata o momento do falecemento do contratista) foron prestados de conformidade, polo que entendo que podense prorrogar o*

contrato para o ano 2008.

A vista das anteriores consideracións *proponse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

1º.- *Acorda-la continuación do contrato de subministro de impresos adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de 29-05-2006 a D. Juan Manuel Saez Silva a favor dos seus sucesores que constituiron a sociedade Artes y Letras Zenit, S.L. Dita sociedade executará a parte do contrato que aínda se atopa sen executar e que ascende a cantidade de 22.889,07 euros.*

2º.- *Autoriza-la prorroga para o ano 2008 dos contratos para a subministración de material de oficina e impresos adxudicados por acordo da Xunta de Goberno de 29-05-2006 da forma seguinte:*

*Lote 1: impresos a Artes y Letras Zenit, S.L. O importe estimado da prorroga é de 60.000 euros.*

*Lote 2: material de oficina a Paz Dismac, S.L. O importe estimado da prorroga é de 21.500 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(2304).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A. EXPTE. 18129/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.07, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 18.12.07, conformado polo concellerio delegado de patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Declarar a nulidade da prestación do servizo de limpeza realizado pola empresa “Limpezas del Noroeste S.A.”.

b) Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpezas del Noroeste S.A.”, por un importe total de 227.174,63 €, que se imputarán a partida presupostaria 12102270000 do vixente exercicio.

#### **18(2305).- AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN, EXECUCIÓN, REPOSICIÓN E MANTEMENTO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 74207/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, de data 14.12.07, conformado polo concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de febreiro de 2004 adxudicou á empresa Aplicación de Pinturas API, S.A. (hoxe denominada ImesAPI, S.A., acordo da Xunta de Goberno de 26-11-2007) a prestación dos servizos de subministración, execución, reposición e mantemento da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo por un importe anual de 372.627,50 euros. Dito contrato foi prorrogado por un ano por acordo do órgano de contratación de 05-03-2007.*

*O xefe de Mobilidade e Seguridade en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do servizo polas novas necesidades de sinalización pola remodelación e pavimentación de diversas vías e rúas executados polo concello.*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só*

*poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.*

*De acordo co informado pola xefe de Mobilidade e Seguridade o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse á partida 2220.227.06.02. O importe a incrementar cuantifícase en 50.000 euros e a modificación non supera o 20% do prezo do contrato.*

*O contratista manifesta en comparecencia de 14-12-2007 a súa conformidade coa modificación do contrato.*

*Por iso, previos informes da Asesoría Xurídica do concello e da Intervención Xeral, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Modifica-lo contrato da prestación dos servizos de subministración, execución, reposición e mantemento da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo suscrito coa empresa Imesapi,S.A. no sentido de aumentar a prestación do servizo polas novas necesidades de sinalización pola remodelación e pavimentación de diversas vías e rúas executados polo concello.*

*O aumento do prezo do contrato fíxase nun único pagamento de 50.000 euros que se imputará á partida 2220.227.06.02*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(2306).- AMPLIACIÓN DO CONTRATO PARA A SUBSTITUCIÓN DE PUNTOS DE LUZ POR OUTROS DE MENOR CONSUMO E MAIOR EFICIENCIA ENERXÉTICA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.12.07, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 19.12.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de decembro de 2007 adjudicou á empresa Imes-API, S.A. o servizo de substitución de puntos de luz por outros de menor consumo e maior eficiencia enerxética por un importe de 20.000 euros por cada un dos tres lotes do concurso.*

*O enxeñeiro industrial municipal dos servizos Electromecánicos, en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do servizo.*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.*

*De acordo co informado polo enxeñeiro industrial municipal o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse á partida 4324.213.00.01. O importe a incrementar cuantifícase en 33.000 euros a razón de 11.000 euros por lote.*

*O contratista manifesta a súa conformidade coa modificación do contrato.*

*Por iso, previos informes da Asesoría Xurídica do concello e da Intervención Xeral, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Modifica-lo contrato da prestación dos servizos de substitución de puntos de luz por outros de menor consumo e maior eficiencia enerxética adjudicado á empresa ImesApi, S.A. adjudicado por acoro da Xunta de Goberno de 17-12-2007 no sentido de aumentar a prestación do servizo por un importe total de 33.000 euros a razón de 11.000 euros por cada lote*

*O gasto se imputará á partida 4324.213.00.01.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(2307).- RECLAMACIÓN DE D. VÍCTOR MANUEL LÓPEZ VIEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1293/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón Xeral, do 12.12.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo intervetor xeral, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Víctor Manuel López Vieira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de novembro de 2006, no que expón que o día 7 de novembro de 2006, mentres tiña estacionado o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-6765-DCP, na rúa Tomás Alonso, entre a praza da Industria e Peniche), este foi atinxido por un poste de alumeadado público que caeu, causándose danos materiais ó mesmo.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- 1. Parte do servizo da Policía Local, de data 07/11/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaban como o vehículo do Sr. López se atopaba danado no teito cun poste do alumeadado público, cuxa base se atopaba oxidada, sobre el; así mesmo que, solicitan a axuda do servizo de Electromecánicos, para retirar o poste de encima do vehículo.*
- 2. Informe do servizo de Electromecánicos, de data 04/12/2006, no que confirman os extremos alegados polo reclamante.*
- 3. Informe do Parque Móbil, de 13/12/2006, comunicando que os prezos contidos no informe de valoración de Allianz, presentado polo reclamante, por un importe de 441,28 euros IVE incluído, son correctos.*
- 4. Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 17/01/2007.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- 1. A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- 2. O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- 3. Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- 4. Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de alumbeado público (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como farolas situadas na vía pública. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do parte da Policía Local despréndese que a farola ó caer bateu no vehículo, casándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.*

*Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. López, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente un informe pericial de Allianz por un importe de 441,28 euros, que foi conformado polo servizo de parque móbil, que no seu informe considera que os prezos son correctos, polo que procede o seu aboamento.*

*En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación formulada por D. Víctor Manuel López Vieira en data 8 de novembro de 2006 por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 441, 28 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade, en concepto de danos e prexuízos”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(2308).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 41.988,93 € A FAVOR DE “REMOLCADORES NOSA TERRA S.A.”**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Patrimonio Histórico, conformado pola xefa e pola delegada de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 41.988,93 euros a favor da empresa “REMOLCADORES NOSA TERRA, S.A.” (NIF A-36609568) pola execución dos traballos contratados coa empresa na data do 06/02/2006, sobre o buque municipal "Bernardo Alfageme" e correspondentes á certificación número 4.

2º.- Imputar o gasto á partida orzamentaria 4531.2140000 REHABILITACIÓN BERNARDO ALFAGEME, segundo acordo plenario de 30/07/2007 sobre a modificación orzamentaria número 110/2007.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

**22(2309).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 4.349,73 EN CONCEPTO DE HONORARIOS DO LETRADO D. LORENZO VELAYOS REAL. EXPTE. 17923/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.12.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Convalidar as actuacións e recoñecer as obrigas a favor de D Lorenzo Velayos Real, por importe de 4349.73 € correspondente aos honorarios derivados do seu persoamento en representación do Concello de Vigo, no procedemento nº 338/2003.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva (convalidación) polo importe referenciado a favor de D Lorenzo Velayos Real, con NIF 33.793.604-A., con cargo a la partida 121.0.22603000

**23(2310).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL. NOVIEMBRE 2007. EXPTE. 17941/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.12.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar o persoal do Parque Móbil da relación que se achega e que inclúe a don Antonio Amoedo García, a cantidade que figura que ascende a un total de 60.90, correspondente ó mes de NOVIEMBRE de 2007, de conformidade coa instrución terceira, apartado c) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2005 establece que aboarse con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da toxicidade do persoal que traballa sen habitualidade no vertedreiro do zondal, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00”

**24(2311).- FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO-NOVIEMBRE 2007. EXPTE. 17947/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.12.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

		Comeza e remata por	€ festivas	€ nocturnas	€ TOTAL
LIMPEZA	NOVIEMBRE	Hermida Sanmartin Juan Jose e remata Lojo Pancorbo Jose Manuel	446,60	769,60	1.216,20
PARQUE CENTRAL	OUTUBRO	Alonso Alonso Miguel Angel e remata Rodriguez Souto Jose Antonio	1.043,35	795,60	1.838,95
PARQUE MOBIL	OUTUBRO	Alonso Iglesias Manuel e remata por Vulcano Ferreyra J Genaro	962,50	968,50	1.931,00
POLICIA LOCAL 1º TENECIA ALCALDIA	NOVIEMBRE	Alonso Rodriguez Juan Pablo e remate Perez Costas Jose Luis	323,40	150,80	474,20
CEIMTERIOS	NOVIEMBRE	Alfonso Sanmartin Jesus e remata por Vilanova Acuña Delmiro	2.428,36	0,00	2.428,36
POLICIA LOCAL XULGADOS	NOVIEMBRE	Alonso Caride Constante e remata por Vila Campos Francisco Jose	3.018,40	0,00	3.018,40

		Comeza e remata por	€ festivas	€ nocturnas	€ TOTAL
POLICIA LOCAL (H EXCESO)	NOVEMBRO	Alonso Moreira Jose Luis e remata por Villar Miguelez Manuel	1.843,68	0,00	1.843,68
POLICIA LOCAL	NOVEMBRO	Abalde Casanova Ivan e remata por Vivero Mijares Juan Guillermo	27.839,49	20.494,50	48.333,99
DESINFECCION	NOVEMBRO	Araujo Rodriguez Maria Salome e remata Pereiro Alonso, Manuel Antonio	184,80	166,40	351,20
PARQUE MOBIL	NOVEMBRO	Alonso Iglesias Manuel e remata por Vulcano Ferreyra J Genaro	1.199,28	783,90	1.983,18
SEIS	NOVEMBRO	Abalde Fernandez Carlos e remata Villaverde Veleiro Jose B	29.302,35	16.530,80	45.833,15
ALCALDIA	NOVEMBRO	Costas Fernandez Basilio e remata Rocha Parames Cesareo	275,28	79,30	354,58
PARQUE CENTRAL	NOVEMBRO	Aira Pereiro Emilio e remata Rodriguez Souto, Jose Antonio	912,45	702,00	1.614,45
MONTES PARQUES E XARDINS	NOVEMBRO	Araujo Conde Fernando e remata por Vidal Alvarez jose Luis	1.355,20	678,60	2.033,80
IMD	NOVEMBRO	Rey Vazquez Sergio e remata por Rial Estevez Francisco	111,65	0,00	111,65
IMD	OUTUBRO	Rey Vazquez Sergio e remata por Rial Estevez Francisco	55,83	0,00	55,83
ELECTROMECHANICOS	NOVEMBRO	Arias Rodriguez Damaso	88,55	382,20	470,75
BIBLIOTECA CENTRAL	OUTUBRO	Gonzalez Gonzalez Manuel e remata por Exposito Olalla Lidia	123,20	0,00	123,20
BIBLIOTECA CENTRAL	SETEMBRO	Gonzalez Gonzalez Manuel e remata por Prieto Rodriguez Pilar	61,60	0,00	61,60
BIBLIOTECA CENTRAL	NOVEMBRO	Romero Falque Jose Luis e remata por Prieto Rodriguez Pilar	61,60	0,00	61,60
					114.139,76

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 114.139,76€ , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**25(2312).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN CONDUCTOR-BOMBEIRO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17979/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26-12-2007 do técnico de organización, conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

*“Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2007, foi nomeado funcionario en prácticas con cargo a unha praza de Conductor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, D. David González Riveiro, NIF 36.077.946-P, tomando posesión como funcionario en prácticas con data 1 de novembro seguinte, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira á superación dun curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.*

*A Comisión especial de valoración, constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007, para evalua-lo referido curso selectivo que, de conformidade coas bases da convocatoria, deberán realiza-lo citado aspirante a praza de Conductor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, previamente o seu nomeamento como funcionario de carreira, remitiu a Unidade de Persoal acta de data 18 de decembro pasado, contendo proposta de nomeamento como funcionario de carreira do conductor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios en prácticas antes citado, que superou o curso selectivo contemplado na base VIII da convocatoria.*

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo a unha praza vacante de Conductor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, ó seguinte funcionario en prácticas que superou o curso teórico práctico, segundo acordo da Comisión Especial de Valoración constituída o efecto:

1º.- D. DAVID GONZÁLEZ RIVEIRO , NIF 36.077.946-P, que obtivo 29,225 puntos.

Segundo.- O aspirantes nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo”.

O presente acordo notifíquese ó interesado, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.”

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(2313).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 17978/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19-12-2007 do técnico de organización, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e pola Intervención Xeral o 20-12-2007, que di o seguinte:

“No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 30 de maio de 2005 (BOP de Pontevedra de 7 de xuño de 2005), actualmente prorrogado, figuran vacantes, entre outras, tres prazas de Auxiliar de Administración Xeral, con postos de igual denominación na Administración de Tributos, que son necesarias cubrir para garanti-lo normal funcionamento do referido Servizo, tal e como se reflexa no escrito de data 9 de novembro pasado asinado polo xefe do Servizo e a conformidade da directora de ingresos.

Asi mesmo, a Xefe da Area de Réxime Interior, mediante escrito de data 13 de decembro pasado, solicita a urxente adscripción dun/ha auxiliar de administración xeral ó Rexistro Xeral, polas circunstancias que figuran no seu informe, os efectos de poder dar resposta ó traballo existente e que non é posible atender na actualidade.

Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de catorce prazas de auxiliar de administración xeral, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 25 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, que foi ampliada coas tres primeiras aspirantes que figuraban como reservas, unha vez que tres delas optaron por ser nomeadas con cargo a prazas de Administrativo de Administración xeral, sendo nomeadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de outubro de 2007, praza da que tomaron posesión o 5 de novembro pasado. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeadas ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Requeridas as tres aspirantes da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, (toda vez que a que figura como primeira reserva xa foi nomeada polo Consello da Xerencia de data 29 de novembro de 2007, funcionaria interina no Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo), estas aceptaron

*expresamente, mediante escritos de 19 de decembro actual, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque éste Concello.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 105 da RPT vixente).*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*

*Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de catorce prazas de auxiliar de administración xeral.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 22.2 da Lei 42/2006, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,*

**PROPOSTA:**

*“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura de tres funcionarias interinas, con cargo a prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Auxiliar.*

*Segundo.- Nomear interinamente con cargo as referidas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, á D<sup>a</sup>. SOFIA PREGO DE OLIVER DE CASTRO, con D.N.I. 34.995.533-K, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. BELEN GOMEZ*

MONTESINOS, D.N.I. 36.073.746-V e D<sup>a</sup>. BEATRIZ FERNANDEZ IGLESIAS, D.N.I 36.053.544-D, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de auxiliar de administración xeral incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Segundo.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban as interesadas previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberán incluírse as mesmas, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(2314).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CATRO CABOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17980/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26-12-2007 do técnico de organización, conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

“Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo a catro prazas de Cabo de Extinción de Incendios, por promoción interna, D. Hector Soage Bermúdez, NIF 36.105.268-Y, D. Joaquín Fuentes Domínguez, NIF 53.173.718-H, D. Rafael Romero Iglesias, NIF 52.490.251-L e D. Juan Carlos Illán Lombao, NIF 33.329.187-W, tomando posesión como funcionarios en prácticas con data 1 de novembro seguinte, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira á superación dun curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

A Comisión especial de valoración, constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007, para evalua-lo referido curso selectivo que, de conformidade coas bases da convocatoria, deberán realiza-los citados aspirantes a prazas de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, previamente o seu nomeamento como funcionarios de carreira, remitiu a Unidade de Persoal acta de data 18 de decembro pasado, contendo proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos catro cabos do Servizo de Extinción de Incendios en prácticas antes citados, que superaron o curso selectivo contemplado na base VI da convocatoria.

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Nomear funcionarios de carreira, con cargo a 4 prazas vacantes de Cabo de Extinción de Incendios, ós seguintes funcionarios en prácticas que superaron o curso teórico práctico, segundo acordo da Comisión Especial de Valoración constituída o efecto:

- 1º.- D. HÉCTOR SOAGE BERMÚDEZ , NIF 36.105.268-Y, que obtivo 22,875 puntos.
- 2º.- D. JOAQUÍN FUENTES DOMÍNGUEZ, NIF 53.173.718-H, que obtivo 20,550 puntos.
- 3º.- D. RAFAEL ROMERO IGLESIAS, NIF 52.490.251-L, que obtivo 20,225 puntos.
- 4º.- D. JUAN CARLOS ILLÁN LOMBAO, NIF 33.329.187-W, que obtivo 20,025 puntos.

Segundo.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo”.

O presente acordo notifíquese ós interesados, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(2315).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CATRO BOMBEIROS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17982/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26-12-2007 do técnico de organización, conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

“Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo a catro prazas de Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, D. Pablo Senra López, NIF 36.161.624-N, D. David Mosquera Estévez, NIF 53.178.813-F, D. David Cabaleiro Rodríguez, NIF 36.126.561-R e D. David Álvarez Salgueiro, NIF 36.149.653-R, tomando posesión como funcionarios en prácticas con data 1 de novembro seguinte, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira á superación dun curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

A Comisión especial de valoración, constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007, para evalua-lo referido curso selectivo que, de conformidade coas bases da convocatoria, deberán realiza-los citados aspirantes a prazas de Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, previamente o seu nomeamento como funcionarios de carreira, remitiu a Unidade de Persoal acta de data 18 de decembro pasado, contendo proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos catro bombeiros do Servizo de Extinción de Incendios en prácticas antes citados, que superaron o curso selectivo contemplado na base VII da convocatoria.

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Nomear funcionarios de carreira, con cargo a 4 prazas vacantes de Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, ós seguintes funcionarios en prácticas que superaron o curso teórico práctico, segundo acordo da Comisión Especial de Valoración constituída o efecto:

- 1º.- D. PABLO SENRA PÉREZ , NIF 36.161.624-N, que obtivo 28,125 puntos.
- 2º.- D. DAVID MOSQUERA ESTÉVEZ, NIF 53.178.813-F, que obtivo 26,725 puntos.
- 3º.- D. DAVID CABALEIRO RODRÍGUEZ, NIF 36.126.561-R, que obtivo 26,475 puntos.
- 4º.- D. DAVID ÁLVAREZ SALGUEIRO, NIF 36.149.653-R, que obtivo 26,250 puntos.

Segundo.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo”.

O presente acordo notifíquese ós interesados, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(2316).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE FREMAP POR IMPORTE DE 30.050 €. EXPTE. 17968/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 28.12.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Convalidar as actuacións e recoñecer as obrigas a favor da empresa “Sociedad de Prevención de FREMAP”, por importe de 30.050,60 € correspondente ás facturas derivadas do servizo de vixianza e saúde prestado para o Concello de Vigo (facturas nº P-2007-36-40-001896) de data 3 de setembro e nº P 2007-36-40-002416) de 5 de novembro de 2007, por importes de 15.554,30 € e 14.496,30 €, respectivamente).

2.- Aprobar a indemnización substitutiva (convalidación) polo importe total referenciado a favor da empresa “Sociedad de Prevención de FREMAP”, con CIF B-84412683, con cargo a partida 3131.1600602 (Doc D 16647/2007).

**30(2317).- BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO NO SERVIZO DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. EXPTE. 17884/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 15.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

*“Primeiro.- Declarar a urxencia na provisión con carácter interino dunha praza de técnico/a medio de relacións públicas, encadrada no subgrupo A2 de titulación (antigo grupo B), escala de Administración especial, cometidos especiais, motivada na situación administrativa de servizos especiais da funcionaria titular da mesma dende o pasado 26/07/2005, como así acordou a Xunta de Goberno Local en sesión da mesma data, comportando a reserva da praza e destino.*

*Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

*Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

ANEXO

*“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A MEDIO DE RELACIONS PÚBLICAS PARA O SERVIZO DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA (SUBGRUPO A2)”*

*I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL*

*a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

*b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

e) *Estar en posesión do título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, FP III (superior) ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.*

*En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).*

*Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.*

## **II.-SISTEMA DE SELECCION**

*O procedemento selectivo será o de oposición libre.*

## **III.-EXERCICIOS DA OPOSICION**

Primeiro exercicio.- *De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.*

*Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo de 2 horas catro temas elixidos ó chou mediante sorteo público que se celebrará polo órgano de selección en presenza dos aspirantes do temario anexo ás presentes bases, dos cales un tema corresponderá á parte xeral do temario e os tres restantes á parte específica.*

*Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.*

Segundo exercicio.- *De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico relacionado co temario, no tempo de realización que acorde o órgano de selección.*

*Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.*

Terceiro exercicio.- *Obrigatorio, aínda que non eliminatorio consonte ás bases xerais vixentes no Concello de Vigo.*

*Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, consistente na corrección ou tradución dun texto escrito en lingua galega, e avaliarase de 0 a 2 puntos.*

*O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico)*

competente) a fin de obter a debida capacitación.

O órgano de selección poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a ao aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes a cada unha das probas realizadas.

#### IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”).

#### V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Vigo, publicándose tamén no taboeiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que éstas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

#### VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo, encadrado no grupo A de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no grupo A de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os axctos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a do corpo superior ou de xestión da Xunta de Galicia que desenvolva as súas funcións na Consellería de Innovación e Industria, con título universitario de Licenciado universitario, Diplomado

*universitario ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.*

*-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo que dispoñan do título universitario de Licenciado universitario, Diplomado universitario ou equivalente propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

*Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.*

*Os membros do órgano de selección e os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.*

*A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.*

## **VII.- NOMEAMENTO**

*O/a aspirante proposto será nomeado funcionario interino/a, cesando automaticamente no momento no que se produza a incorporación da funcionaria titular da praza cuxa provisión se pretende, actualmente na situación administrativa de servizos especiais.*

*O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes á praza de traballo de técnico/a medio de administración especial, encadrado no subgrupo A2, escala técnica, administración especial, cometidos especiais, concretadas no posto de traballo denominado “coordinador/a de turismo, comercio e industria” (código 015.04) do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo,*

*Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais.*

*Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.*

*Dita lista terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino, ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público.*

## **TEMARIO**

### **BLOQUE I: PARTE XERAL**

- Tema 1.-** A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.-** O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.-** Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- Tema 4.-** Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.
- Tema 5.-** As institucións da Unión Europea. Organos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: composición e atribucións. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- Tema 6.-** A Xunta de Galicia e o seu Presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción

- do Goberno. O Valedor do Pobo.
- Tema 7.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 8.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- Tema 9.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 10.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
- Tema 11.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicaci3ns e notificaci3ns.
- Tema 12.- Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.

## BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- O concepto de turismo e turista. Oferta e demanda de turismo. Formas de turismo e tipoloxía de turistas. Estructura social da demanda de turismo. A industria e a civilización do ocio. Oferta e demanda de ocio.
- Tema 2.- A xeografía do turismo e do ocio. Principais mercados emisores e receptores a nivel mundial. Importancia do turismo en España.
- Tema 3.- A importancia do turismo en Galicia. Os destinos turísticos en Galicia. Os produtos turísticos en Galicia. Procedencia e socioloxía dos turistas achegados a Galicia.
- Tema 4.- Planificación turística. Instrumentos de ordenación dos recursos turísticos. O medio ambiente e o desenvolvemento turístico. Medio natural e política turística. O desenvolvemento sostible.
- Tema 5.- Xestión de calidade en empresas e destinos turísticos. Estratexias para a mellora da calidade nos produtos turísticos.
- Tema 6.- A demanda turística. Factores. tendencias turísticas. Oportunidades de negocio.
- Tema 7.- A oferta turística. Produtos turísticos xerais e especializados. Creación de produtos turísticos. Promoción e comercialización dun destino turístico.
- Tema 8.- O turismo cultural: recursos. Turismo cultural e desenvolvemento endóxico. Participación social. Os recursos culturais do termo municipal de Vigo e a súa relación co turismo.
- Tema 9.- O turismo no medio rural. Establecementos e tipos de aloxamentos. Requisitos
- Tema 10.- O turismo de natureza. Características. O medio natural como argumento de desenvolvemento turístico. O turismo activo. Requisitos das empresas de turismo activo.
- Tema 11.- O turismo cultural. Os recursos do turismo cultural. Turismo cultural e desenvolvemento endóxico. Participación social.
- Tema 12.- As empresas de intermediación turística. As axencias de viaxe. Clasificación. Responsabilidades. Réxime de dereitos e obrigacións. Lexislación.
- Tema 13.- As empresas turísticas. Os operadores turísticos. Elaboración e comercialización de paquetes turísticos. Cadeas hoteleiras. Clasificación e ordenación.
- Tema 14.- A formación do persoal das empresas turísticas. Cursos de formación. Técnicas de formación e avaliación profesional. Programas de reciclaxe. Proxectos europeos de axuda a formación.
- Tema 15.- A importancia económica do turismo. As estatísticas do turismo. Os indicadores de actividade turística. Análise e avaliación das tendencias. A importancia económica do turismo en Galicia.
- Tema 16.- A importancia do turismo na economía do concello de Vigo e a súa comarca. Plans de actuación turística.
- Tema 17.- Competencias da Comunidade autónoma de Galicia en materia turística. Lexislación en Galicia en materia de ordenación e promoción do turismo.
- Tema 18.- A cidade e o turismo. Produtos urbanos turísticoculturais. A recuperación do patrimonio como produto turístico. As actividades de ocio como produto turístico.
- Tema 19.- Recursos naturais e turismo. O patrimonio cultural, histórico e natural como recurso turístico. Os ecomuseos. O hábitat tradicional galego como recurso turístico.
- Tema 20.- Marco legal de protección do patrimonio cultural e turístico de Galicia.

- Tema 21.- O “Spain Convention Bureau”.
- Tema 22.- Coñecemento de Galicia: produtos turísticos e destinos en Galicia.
- Tema 23.- Coñecemento de Vigo: produtos turísticos de Vigo e comarca. Potencial turístico e principais festas, lugares e eventos.
- Tema 25.- O Eixo Atlántico como rexión europea. Caracterización xeográfica e das comunicacións. Potencialidades turísticas do Eixo. Principais espazos e eventos no Eixo.
- Tema 26.- Historia, xeografía e comunicacións de Vigo e comarca.
- Tema 27.- Oficinas de información de turismo. Clases e funcións. As oficinas de información de turismo en Galicia. Especial referencia ao Concello de Vigo.
- Tema 28.- O informador turístico. Función do informador turístico. Modelos de información. As novas tecnoloxías e a súa incidencia na información turística.
- Tema 29.- Subvencións en materia de turismo. Obxecto, finalidade. Conceptos subvencionables. Procedemento. Ordes e convocatorias.
- Tema 30.- Municipios turísticos. Requisitos. Elementos que se poden valorar. Procedemento para a declaración. Perda da condición. Vantaxes da declaración e sistemas de axudas.
- Tema 31.- Políticas de promoción turística en Galicia. A empresa Turgalicia. Funcións. Competencias. Organización. Principais produtos turísticos ofertados.
- Tema 32.- Campañas de promoción turística. Planificación. Medios. A organización da promoción turística. A mercadotecnia da industria turística. Instrumentos.
- Tema 33.- Xestión de establecementos turísticos. Organización e administración de empresas de aloxamento e restauración. Análise de estados contables. Estructuras e equipamentos.

**31(2318).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE DE ESTRADA DO VAO POR UN NOVO PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 4965/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 19.12.07, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o Concello de Vigo alugou o inmoble sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abraín Domingo.*

*O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00–15/05/02 e, segundo a súa cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira dí “De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizariase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).*

*Deste xeito, no expediente 1237/077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658/077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04, no 2288/077 as do período 16/05/04-15/05/05, no 3157/077 as do período 16/05/05-15/05/06, no 3741/077 as do período 16/05/06-30/06/07, e no 4554/077 as do período 01/07/07-31/12/07 (achéganse no expediente copias das certificacións dos correspondentes acordos de Comisión de Goberno e Xunta de Goberno Local).*

*Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prorrogar tres meses máis a relación co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmoble sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito de data 18/12/07 remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do novo proxecto acollido ao programa de escolas obradoiro, denominado “Escola obradoiro Mar de Vigo IV”), dende esta Concellaría de Promoción Económica e Emprego enténdese que é necesario e posible prorrogar o citado contrato de arrendamento por un novo período tres meses, período no que se deberá de*

*negociar a posibilidade de adquirir en propiedade o citado inmovible.*

*Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de TRES MESES (dende o 01/01/08 ata o 31/03/08) e o seu custo mensual, para este periodo (cando se coñeza o IPC real para o periodo decembro 2006-decembro2007, aplicarase automaticamente), será de 2.490,61 €, IVE incluído, máis o incremento que produza a suba do IPC indicada.*

*Para o ano 2008 (do 1 de xaneiro ao 31 de marzo, 3 meses), o importe deste arrendamento será, pois, de 7.471,83 € (máis o incremento resultante da aplicación do IPC correspondente), que serán aplicables á partida 3220 202 0000 "Aluguer de inmovibles", do presuposto do ano 2008.*

*En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, propónse á Xunta de Goberno Local aprobar o seguinte:*

*Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF G36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q. As condicións esenciais desta prórroga son as que seguen: A duración da prórroga do contrato será de tres meses (3 meses), a partir do 01/01/2008, sendo o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade de 2.490,61 euros/mes (IVE incluído), cantidade que se incrementará co que estableza o IPC do periodo decembro 2006-decembro2007.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **32(2319).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 26.041,74 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. EXPTE. 33605/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.12.07 e de acordo co informe-proposta do intendente-xefe en funcións, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar nulos os traballos realizados pola mercantil TAELO, S.COOP. (CIF P-3605700-H) relativos á factura Nº TR80227/06, presentada no Rexistro Xeral o 26 de decembro de 2006.

2º.- Non obstante, e para evitar un enriquecemento inxusto polo Concello de Vigo, en función da prestación efectiva dos servizos que consta acreditada no expediente, recoñecer a favor da citada mercantil unha indemnización substitutiva por importe de 26.041,74€.

#### **33(2320).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 10.859,20 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. EXPTE. 33627/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.12.07 e de acordo co informe-proposta do intendente-xefe en funcións de data 26-12-2007, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que, en concepto de indemnizacións substitutiva para evitar un enriquecemento inxusto do Concello pola prestación dos servizos a que se refiren as facturas TR80188/07 e TR80189/07 obxecto do expediente 33627/121, se lle abone á mercantil TAELO, S.COOP. (CIF P-3605700-H) a cantidade de 10.859,20€, con cargo á aplicación orzamentaria 2222.2090000.

#### **34(2321).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 20.495,96 € A FAVOR DE**

**DIVERSOS TERCEIROS POLA REALIZAICÓN DE EVENTOS TURÍSTICOS. EXPTE. 2276/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 17.12.07, conformado polo tenente de alcalde e concelleiro-delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a convalidación das actividades e do gasto xerado polas atencións protocolarias e representativas, de servizos e mensaxería realizadas pola concellería de turismo, excedendo os RC solicitados no seu momento, desde xuño a outubro de 2007, con motivo de diversos eventos:

Vuelta ciclista a España 2007:

Casa del Navegante

Alectoris Rufa, SL

CIF B36182186

Factura: N° 3196

Data: 28-09-2007

Concepto: Comida vuelta a España (Asisten o Concelleiro de turismo e representantes da organización da volta ciclista a España e do equipos participantes)

Importe: 3852€

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 751.0.226.01.00 (atencións protocolarias e representativas) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

Melitour S.L.

Autocares Gran Turismo

CIF: B-80,862,980

Factura: N° 7/000514

Data: 13/09/2007

Concepto: Servicio de autocares con visitas por la ría de Vigo con motivo de la Vuelta Ciclista España 07 (a representantes da organización e de equipos participantes)

Importe: 449,40

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 751.0.226.01.00 (atencións protocolarias e representativas) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

Image Group

Quevedo & Figueroa

CIF: B 36907855

Factura: N° A/00451

Data: 03/09/2007

Concepto: Servicio de azafatas de imagen los días 21,30 y 31 de agosto con motivo de la Vuelta Ciclista España 07

Importe: 508,08

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 751.0.226.01.00 (atencións protocolarias e representativas) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

Presentación do comité cidadán da Universiada

Image Group

Quevedo & Figueroa

CIF: B 36907855

Factura: N° A/00455

Data: 19/09/07

Concepto: Servizos prestados de dúas azafatas no Rectorado de Vigo con motivo da presentación do comité da Universiada no antigo rectorado

Importe: 157,76

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 751.0.226.01.00 (atencións protocolarias e representativas) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

Demostración da Patrulla Águila

Collazo Sonorizaciones

CIF: B-36,932,689

Factura: N° A-79

Data: 7/08/07

Concepto: Sonorización da Exhibición Aérea Patrulla Águila

Importe: 3,248,00

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 75102270603 (prestación de servizos e asistencia técnica) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007

24 edición do campionato de Hockey "Cidade de Vigo"

Restaurante Cies Hijos de J Riera)

Riera Besada, SL

NIF B36.817.393

Factura N° 19229

Data: 08-09-2007

Concepto: 114 servizo de restaurante (membros dos equipos participantes no evento e organizadores do Concelleiro de turismo)

Importe: 7928,70

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 751.0.226.01.00 (atencións protocolarias e representativas) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

Taller para el análisis del impacto de la perkinsosis sobre el sector marisquero de Europa de CETMAR Bouzas Vigo

Inversiones Mar 2000, SL

CIF B-36806289

Factura N°: 10522

Data: 18-09-2007

Concepto: 75 menús de gala CETMAR (asistiu o Concelleiro de turismo e os investigadores e organizadores participantes neste programa europeo liderado polo Centro Tecnolóxico do Mar – Bouzas Vigo)

Importe: 3531€

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 751.0.226.01.00 (atencións protocolarias e representativas) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

Feiras

Transegur Resthot S.L.

CIF: B-15866700

Factura: 2007/0580

Data: 26/10/2007

Concepto: Transporte de material a la Feria WTM TURESPAÑA Spanish Tourist (Foi preciso enviar con urxencia máis material do previsto inicialmente)

Importe: 820,12

Excede o gasto o RC solicitado.

con cargo á partida 75102230000 (transportes) e bolsa de vinculación do presuposto de 2007.

**35(2322).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO PARA O ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO MUNICIPAL NO POLÍGONO DELIMITADO POLAS RÚAS SAN XOÁN E PADRE CELSO. EXPTE. 4788/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13.12.07, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xerente de Urbanismo e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local deu aprobación definitiva ó proxecto de equidistribución e cambio de sistema de actuación a concerto do polígono delimitado entre as rúas San Xoán e Padre Celso (expte. 4508/401). No punto terceiro da parte dispositiva do acordo, se resolveu o seguinte: "(...) Incoar un procedemento de concurso por procedemento aberto para o alleamento do aproveitamento urbanístico atribuído ó Concello neste polígono, segundo o disposto no art. 177.2 Lei 9/02, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, modificada pola Lei 15/04, do 29 de decembro (...)"*

*O Consello da XMU acordou o 2.03.06 a adopción duns criterios para a xestión do Patrimonio municipal do solo.*

*Por acordo do Consello da XMU de 16.11.06 se declarou deserto o concurso no contrato administrativo especial para o alleamento do aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello no polígono de referencia.*

*Con posterioridade se incou novo concurso (expte. 4750/401). Logo da apreciación dun erro nos pregos durante a sesión da Mesa de Contratación de data 28.11.07 se propuso o órgano de contratación o seguinte acordo: "(...)PRIMEIRO: Revocar, de conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, o Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de agosto de 2007 de aprobación do prego de cláusulas administrativas do procedemento de alleamento do aproveitamento urbanístico atribuído ao Concello no polígono delimitado polas rúas S. Xoán e Padre Celso, así como tódalas actuacións posteriores practicadas en execución do mesmo (expte. 4750/401). SEGUNDO: Remitir o expediente á oficina de Xestión da Xerencia de Urbanismo a fin de que coa debida celeridade se tramite o alleamento do referido aproveitamento urbanístico na forma legalmente establecida. TERCEIRO: Notifíquese este Acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses (...)"*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*Primeiro.- Natureza do contrato de alleamento dos aproveitamentos municipais atribuídos no polígono delimitado entre a rúa San Xoán e Padre Celso.- O apartado segundo do prego de cláusulas administrativas establece que a natureza xurídica do contrato é especial. En atención o disposto no artigo 5.1.b do real decreto legislativo 2/2000, por entender que cumpren unha finalidade pública que ven propiciada pola xestión do patrimonio municipal do solo e o deber da Administración de controlar o destino do mesmo. En efecto, a Administración municipal ten competencias en materia de urbanismo e xestión do solo. Toda a actuación que desenvolva debe ir necesariamente a satisfacer unha finalidade pública e dirixida ó interese xeral (artigo 103 CE). O preámbulo da Lei 15/04, anticipa as medidas adoptadas para dar cumprimento o mandato constitucional de garantía dunha vivenda digna e regulación do solo de acordo co interese xeral para impedir a*

especulación (artigo 47 CE). Entre as medidas adoptadas, se encontra a regulación do alleamento do patrimonio municipal do solo no que se valoren criterios como o prezo de venda ou alugamento das futuras vivendas e outros obxectivos de carácter urbanístico non especulativo. Polo tanto a natureza especial do contrato ten o seu fundamento no cumprimento destas finalidades previstas na lexislación e normativa sobre vivenda e urbanismo. A Xurisprudencia e a propia Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, están extendendo a natureza administrativa a certos contratos de transcendencia patrimonial. Entre as consecuencias prácticas de calificar o presente contrato como de natureza especial, é que se aplica a lexislación sobre contratos das Administracións Públicas e as normas sobre urbanismo e vivenda con carácter preferente. En consecuencia, a Administración na tutela dos intereses que constitucional e legalmente lle ven atribuídos, pode utilizar todas as facultades de privilexio e superioridade na relación contractual que lle outorga a lexislación de contratos das Administracións Públicas. Entroutras o Concello poderá interpretar o contrato, resolvelo cando se dean certas condicións, impoñer sancións ou penalidades etc...sempre en todo caso respetando o dereito dos adxudicatarios á defensa dos seus intereses.

Segundo.- Procedemento e forma de adxudicación.- En atención ó previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, habilita á utilización do procedemento negociado naquel caso que o concurso quedase deserto, sempre que se respecten as condicións do concurso. Como quedou acreditado, a primeira convocatoria quedou deserta e nesta segunda o desistimento é debido á apreciación dun erro material, cando o licitador xa presentara a proposta e manifestara a súa intención de ser adxudicatario do concurso. Así mesmo, non hai que esquecer que a propia Lei 33/03, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas permite a utilización do procedemento naquel caso que se trate de copropiedade. No presente suposto o único licitador que manifestou a súa intención de ser adxudicatario é propietario dunha porcentaxe que acada o 90%. Polo tanto, o asinante do presente informe entende xustificado a a utilización do procedemento negociado.

Terceiro.- Contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas previsto no artigo 177 da Lei 9/02.- De acordo coa nova redacción dada pola Lei 15/04 ó artigo 177 da Lei 9/02, o prego de alleamento de patrimonio municipal do solo ten un contido mínimo. O mesmo é abordado no prego de cláusulas administrativas, con medidas tales como o establecemento dos prazos para o inicio e a terminación da obra -pese a que se trata dun aproveitamento municipal adxudicado en proindiviso con outros propietarios, o dereito de tanteo e retracto, establecemento de prezo final máximo da vivendas de resultado e do propio aproveitamento, regulación do prezo máximo de aluguer, regulación de certas causas de resolución dos contratos, imposición de penalidades etc... En relación coa proposta asinada polo Concelleiro delegado de urbanismo e o Xerente municipal de data 2.01.06, trae causa no presente prego na omisión do establecemento dun prezo máximo de alleamento das vivendas resultantse. Non obstante, si que se fixan certas limitacións e medidas para evitar alzas excesivas do prezo da vivenda. A proposta aludida basease primordialmente na inaptitude de determinado solo para o cumprimento das finalidades propias do patrimonio municipal do solo. Utilizando como referencia os índices máximos de repercusión do solo para a promoción de vivenda protexida tanto estatal como autonómica (real decreto 801/2005, de 1 de xullo, real decreto 3148/78, de 10 de novembro, Decreto da Xunta de Galicia 257/2004, de 29 de outubro etc...), se fixan uns criterios para a xestión e alleamento do patrimonio municipal. Por outra parte o contido do prego de cláusulas administrativas se ve alterado pola utilización do procedemento negociado, na que se descarta da convocatoria de Mesa de contratación ó abeiro do disposto no artigo 81 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Cuarto.- Valoración do aproveitamento atribuído ó Concello.- Tendo en conta o previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, o patrimonio municipal do solo non se poderá allear por prezo inferior ao do seu aproveitamento urbanístico. Consta no expediente informe de valoración do mesmo emitido polo arquitecto técnico municipal da oficina de planeamento e xestión de data 15.09.05 (completado por outro de 30.05.06). Valoranse os aproveitamentos en 47.103,80 € e 248.584,25 €, máis o IVE que corresponda.

Quinto.- Necesidade de que a participación do Concello no aproveitamento da parcela esté depurado xurídicamente.- En atención ó disposto na lexislación patrimonial das Administracións Públicas, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, deberá depurarse física e xurídicamente o aproveitamento do Concello. O mesmo está inscrito no Rexistro da Propiedade, dada o acceso do proxecto de equidistribución ó mesmo.

Sesto.-Destino dos recursos obtidos no alleamento do patrimonio municipal do solo.- Dada a súa condición de patrimonio afecto a unhas determinadas finalidades, o importe do alleamento deberá ir destinado ás finalidades previstas no apartado 1º do artigo 177 da Lei 9/02.

Séptimo.- Órgano de contratación.- En atención ó previsto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo é atribuída á Xunta de goberno local.

Por todo elo, en atención o previsto no artigo 67 do real decreto legislativo 2/2.000, de 16 de xuño, proponse a adopción do presente acordo:

1.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas contida no anexo do presenete informe e consecuentemente proceder á apertura dun novo procedemento de adxudicación.

2.- Trasladar o presente acordo á entidade “Cologa Vigo, S.L.” para que se o estima oportuno mostre conformidade a proposta de subscripción de contrato administrativo especial consistente no alleamento dos aproveitamentos municipais no prazo de cinco días dende a recepción da presente comunicación.

**ANEXO I PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS POR PROCESO NEGOCIADO PARA O ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTOS URBANÍSTICOS CORRESPONDENTES Ó CONCELLO INTEGRADO NO POLÍGONO DELIMITADO ENTRE A RÚA SAN XOÁN E PADRE CELSO.**

## 1. OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente prego de cláusulas administrativas a regulación do procedemento licitatorio polo que se vai rexer o alleamento dos aproveitamentos urbanísticos das parcelas que a continuación se describen.

*Emprazamento e características das parcelas.-*

Primeiro lote.- Parcela "2" urbanizada a solar destinada á edificación. Dispón dunha superficie de 552,495 m2 e cos seguintes lindeiros:

Norte, En liña de trece metros con Antonio Llauger e en liña de nove metros co Adro da Igrexa de San Xoán.

Sur, En liña de vinte metros con parcela resultante nº1.

Leste, En liña de vinteún metros con Arturo Alonso Méndez.

Oeste, En liña de vinteoito metros con vial de nova creación.

Correspóndelle unha superficie edificable de 276,247 m2 construídos para o uso de vivenda unifamiliar suxeita á ordenanza 1.3.B dos cales o 20% (55,249 m2 construídos), lle corresponden ó Concello en concepto de 10% do aproveitamento da unidade de execución. A parcela está libre de cargas de urbanización de acordo co artigo 20 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, modificada pola Lei 15/04.

Segundo lote.- Parcela "3" urbanizada a solar destinada á edificación. Dispón dunha superficie de 1.368,010 m2 e cos seguintes lindeiros:

Norte: En liña de trinta metros coa rúa San Xoán e en liña de once metros con Luis Iglesias.

Sur: En liña de catorce metros con Jose Táboas e en liña de quince metros con CCPP da rúa Aragón nº 138.

Leste: En liña de trinta e sete metros con rúa de nova creación.

Oeste, En liña de dezoito metros con Luis Iglesias, en liña de dezasete metros con CCPP da rúa Aragón nº 140 e en liña de nove metros con CCPP da rúa Aragón nº 138.

Correspóndelle unha superficie edificable de 1.796,197 m2 construídos para o uso de vivenda colectiva suxeita á ordenanza 1.2 dos cales o 10% do aproveitamento da unidade de execución. A parcela está libre de cargas de urbanización de acordo ó artigo 20 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, modificada pola Lei 15/04.

*As restantes circunstancias urbanísticas e relativas á propiedade e a depuración física e xurídica da parcela obran no expediente que se poderá consultar nas dependencias do servizo de xestión e planeamento desta Xerencia.*

*Para os efectos do presente prego de cláusulas administrativas, enténdese como anexo inseparable de cada vivenda, unha praza de aparcamento e un rocho, con independencia de que non se teñan en conta para os efectos de determinar o prezo máximo de alleamento (apartado 17.5.2).*

*No proxecto constructivo deberá procurarse que as fincas resultantes que deban estar sometidas ó réxime previsto no presente prego de cláusulas administrativas, teñan independencia con respecto o resto da propiedade.*

## **2. NATUREZA XURÍDICA.**

*O contrato que regula o presente prego de cláusulas administrativas ten natureza especial de acordo co previsto nos artigos 5.2.b e 8 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, en adiante LCAP.*

## **3. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN.**

*De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (modificada pola Lei 15/04, de 30 de decembro), en adiante LOUG, o procedemento a utilizar é o negociado o abeiro do disposto no artigo 81 do real decreto lexislativo 2/2000, 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.*

## **4. TIPO DE LICITACIÓN.-**

*Segundo o disposto no artigo 177.2 da LOUG, o alleamento dos bens do patrimonio público do solo non será por prezo inferior ó do seu aproveitamento urbanístico, de xeito que as ofertas o serán polo tipo ó alza, sendo desbotadas as proposicións por debaixo do mesmo.*

*De acordo coa valoración realizada polos servizos técnicos municipal o tipo de licitación será o seguinte: 47.103,801 € para o lote 1 e 248.584,206 € para o lote 2. Dada a repercusión do solo no produto inmobiliario, óptase por realizar unha política de alzas inxustificadas de prezos, sen que sexa necesario someter o alleamento do aproveitamento nun réximen de protección diferente o previsto no presente prego de cláusulas administrativas.*

*O IVE engadirase ó prezo de adxudicación ó efectuarse a mesma.*

## **5. GASTOS.**

*Serán de conta do adxudicatario todos os impostos e gastos de calquera tipo que deriven do presente contrato, incluídos os de publicación así como os de outorgamento da escritura pública e as súas copias e os correspondentes á inscrición no Rexistro da Propiedade. A acreditación do pago dos anteditos gastos deberá xustificarse segundo o disposto na condición 12ª. O importe máximo dos gastos que deberá asumir o adxudicatario é de 1.000 € para cada ún dos adxudicatarios dos dous lotes que se someten a licitación.*

## **6. GARANTÍAS.**

### **6.1. Garantía provisional.**

*Naquel caso que o licitar mostre conformidade á proposta de subscripción do contrato, conservarase a fianza depositada no procedemento licitatorio tramitado co número de expediente 4750/401.*

### **6.2. Garantía definitiva.**

*Unha vez adoptado o acordo de adjudicación será notificado ó interesado para que no prazo de quince días deposite a garantía definitiva correspondente ó 4% do importe de adjudicación incrementado polo IVE.*

### *6.3. Formas.*

*As garantías serán prestadas nas formas previstas na LCAP e no do Real Decreto 1.098/2.001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en adiante RCAP.*

*Para a admisión de garantía provisional e definitiva, os avais deben ser solidarios respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e pagadeiro ó primeiro requerimento da Tesourería municipal. Así mesmo, deberá ser de duración indefinida, permanecendo vixente ata que se resolva expresamente a procedencia da súa devolución.*

### *6.4. Devolución e incautación.*

*As garantías serán incautadas ou devoltas nos termos previstos no presente prego e na LCAP e no RCAP.*

## *7. REQUISITOS DE CAPACIDADE*

*Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional e non estean afectadas por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 da LCAP e concordantes do RCAP.*

*Asemade poderán presentar proposicións as unións de empresarios nos termos previstos no artigo 24 da LCAP e concordantes do RCAP, a duración desta será coincidente ca do contrato ata a total extinción das obrigas previstas no presente prego.*

## *8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS.*

### *8.1. Lugar e prazo de presentación.*

*As proposicións para tomar parte da licitación presentaranse en dous sobres pechados, no Rexistro Auxiliar da Xerencia Municipal de Urbanismo, de luns a venres de 9.00 a 13.30 e sábados no Rexistro Xeral do Concello, de 9.00 a 13.00.*

*O prazo de presentación será de cinco días dende a notificación do acordo de aprobación do expediente de contratación na que se conterá necesariamente a carta invitación.*

*Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta por fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcurridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen ser recibida a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.*

### *8.2. Forma.*

*Os licitadores presentarán dous sobres pechados por cada lote que se licite e asinados por eles mesmos ou persoa que os represente, nos que se indicarán ademáis da razón social e denominación da entidade concursante, o título de "PROCEDIMIENTO NEGOCIADO PARA O ALLEAMIENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO CORRESPONDENTE O POLÍGONO DELIMITADO ENTRE A RÚA SAN XOÁN DO MONTE E PADRE CELSO INTEGRANTE NO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO-LOTE .....". Estes sobres conterán: o primeiro, "SOBRE A", a documentación esixida para tomar parte na licitación; o segundo, "SOBRE B", a proposición económica e técnica axustada ó modelo que se inclúe neste prego e demais documentación que se detalla no ANEXO I.*

A) "SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA". A mesma unicamente será preciso presenta-la naquel caso que existira modificación con respecto á aportada ó expediente 4750/401.

En dito sobre, deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditada mediante escritura de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade.
- Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 20 de la Lei de Contratos, que comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas por las disposicións vixentes. A acreditación desta circunstancia poderá facerse por cualquera dos medios sinalados na normativa de contratación pública.
- Poder debidamente bastantado ó efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.
- Resgado de depósito da garantía provisional ou aval polo importe previsto no presente prego.
- Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e, de xeito preferente:
  - Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
  - Relación das principais actuacións ou promocións de edificacións de vivendas executadas nos anteriores anos.

Non obstante esta acreditación poderase realizar por cualquera medio establecido nos artigos 16 e 18 de la Lei de Contratos.

- Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

B) "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA-TÉCNICA".

Presentarase según o modelo incluído no anexo I e obrigatoriamente deberá ser asinada pola persoa que teña a representación que corresponda.

NOTA: O licitador poderá presentar a documentación esixida mediante orixinais ou mediante copias destes debidamente validados, ben por Notario ou ben compulsados por funcionario desta Administración habilitado para o efecto.
--

8.3 Vinculación do licitador ó presente prego.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste

*prego e a declaración responsable de que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.*

*O feito de presentar unha proposición para o concurso constitúe o licitador na obrigaón de cumprir o contrato que lle fose definitivamente adxudicado.*

#### **9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

*Para a adxudicación do concurso, terase en conta o contido mínimo do artigo 177 da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se describen a continuación, por orde decrecente de importancia, tal e como se prescribe no artigo 86 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*9.1.- Maior prezo sobre o tipo de licitación do aproveitamento urbanístico derivado da participación do Concello na parcela descrita na cláusula primeira do prego de condicións (de 0 a 10 puntos).*

*Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de incremento do prezo tipo de licitación, ata un máximo de 10 puntos. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan a adquisición por un prezo superior ó 10% sobre o tipo de licitación.*

*9.2.- Menor prezo sobre o prezo máximo de alleamento das fincas resultantes correspondentes ó aproveitamento urbanístico do Concello por metro cadrado útil (de 0 a 5 puntos).*

*Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de rebaixa do prezo estimado de alleamento de metro cadrado de superficie útil. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan o alleamento dos pisos resultantes por un prezo inferior ó 10% sobre o estimado e contido na cláusula 17.5.2 do presente prego.*

*9.3 Participación no aproveitamento da parcela (de 0 a 5 puntos).*

*Naquel caso que o licitador sexa titular dun dereito sobre a parcela que supoña unha porcentaxe sobre o aproveitamento materializable maior ó 50%, asignaráselle unha puntuación de 5 puntos. Cando a porcentaxe de participación é inferior ó 50% pero superior ó 20%, outorgaráselle unha puntuación de 2.5 puntos. Para particións inferiores ó 20%, corresponderalle unha puntuación de 1 punto.*

*9.4.- Menor prezo de aluguer das fincas resultantes correspondentes ó aproveitamento urbanístico do Concello (de 0 a 2 puntos).*

*Será obxecto de valoración cunha puntuación máxima de dous puntos, en función do porcentaxe de rebaixa do prezo máximo de aluguer contido na cláusula 17.5.3.*

#### **10. MESA DE CONTRATACIÓN.-**

*En atención ó previsto no artigo 92 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, non se precisa Mesa de contratación.*

#### **11. ACTO DE APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.**

*No día posterior ó de terminación do prazo de presentación de ofertas, terá lugar o acto de apertura das proposicións que se presenten. No acto estará presente o Secretario da XMU, o Xefe dos servizos económicos, un técnico da oficina de planeamento e a Xerente municipal de urbanismo. Analizada a proposta, se realizará proposta de adxudicación ó órgano competente.*

#### **12. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.**

*A documentación dos licitadores, a excepción da que corresponda ó sinalado como mellor oferente e a daqueles que promovesen protestas, devolverase ós interesados no prazo de 3 meses, a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, asinando o retirei da mesma o pé do escrito solicitando tomar parte no procedemento. Estes escritos e todos aqueles en que se consignaron as posturas promovidas, uniranse ó expediente.*

*Transcorrido o prazo dun ano dende a presentación da documentación achegada polos licitadores sen que procedesen á súa recollida, a Administración poderá dispoñer a súa destrución.*

### **13. APROBACIÓN.**

*O acordo de adxudicación notificarase a todos os licitadores.*

### **14. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.**

#### **14.1. Constitución e devolución da garantía definitiva.**

*Os adxudicatarios deberán constituir a garantía definitiva no prazo improrrogable de quince días, contados desde que se lle notifique a adxudicación do contrato nos termos que se recollen no presente prego.*

*A garantía definitiva será devolta unha vez sexan comunicadas a esta Administración as primeiras vendas de todas as vivendas construídas, en todo caso nunca será devolta antes de ser obtida a licencia de primeira ocupación. No caso de que se produza a cesión do contrato, o cesionario deberá constituír nova garantía definitiva.*

#### **14.2. Pago do prezo.**

*O importe do prezo que o adxudicatario abonará ó Concello será o que figure no acordo de adxudicación definitiva, de conformidade co resultado da adxudicación.*

*O pago do prezo poderá realizarse en dous prazos:*

*a) Nun prazo de 30 días contados desde a notificación da adxudicación definitiva achegarase o importe do 50% do total do prezo incluída a parte correspondente ó IVE.*

*b) O resto farase efectivo no mesmo día de formalización da escritura pública.*

*Os pagos faranse mediante talón bancario ou transferencia ó número de conta 20800000770040254209 (titular XMU do Concello de Vigo, CIF P 8605706D).*

#### **14.3. Elevación a pública da escritura.**

*Os contratos formalizaranse en escrituras públicas no prazo de tres meses a contar dende a notificación ó interesado do acordo de adxudicación definitiva. A estes efectos o adxudicatario deberá concorrer o día e hora sinalado a tales efecto e perante o notario que por turno de reparto corresponda.*

#### **14.4. Variacións na parcela obxecto de alleamento.**

*A venda realízase en concepto de "corpo certo", polo que non caberá reclamación ningunha por posibles variacións, tanto na superficie como no volume edificable que puideran xurdir a consecuencia da aplicación das ordenanzas vixentes, nin como consecuencia das condicións xeolóxicas, topográficas, arqueolóxicas ou calquera outra análoga que puidera encarecer ou limitar a construción.*

#### **14.5. Condicións especiais esixidas ó abeiro do artigo 177 da LOUG.**

##### **14.5.1 Prazos de edificación.**

- a) Deberán solicitarse licenzas de construción nun prazo máximo de 1 ano.
- b) As obras deberán iniciarse no prazo improrrogable de seis meses a contar desde a notificación do outorgamento da licenzia.
- c) As obras deberán finalizarse no prazo improrrogable de tres anos a contar desde a notificación do outorgamento da licenzia.

#### 14.5.2. Prezo final máximo de venda das vivendas resultantes e índice de referencia para a súa actualización.

Con posterioridade á formalización da declaración de obra nova ou en construción, ou en todo caso, da obtención da licenzia de primeira ocupación, o alleamento das fincas resultantes da constitución da propiedade horizontal estará suxeito ó seguinte réxime de prezos:

O prezo final máximo por metro cuadrado construído vendrá dado pola aplicación á cuantía de 2.500 €/m<sup>2</sup> a seguinte porcentaxe:

- No caso do primeiro alleamento, a porcentaxe de variación do precio básico nacional previsto no artigo 2.11 do real decreto 801/2005, entre a data de adxudicación e a de formalización en escritura da compravenda.
- En sucesivos alleamentos, a porcentaxe de variación entre do precio básico nacional previsto no artigo 2.11 do real decreto 801/2005, entre a data do último alleamento e a de formalización en escritura de compravenda.

Enténdese no presente prego por superficie útil a do solo, delimitado polo perímetro definido pola cara interior dos cerramentos externos ou dun elemento dun edificio. Inclúese a metade da superficie do solo dos seus espazos exteriores de uso privativo cubertos (tales como terrazas, balcóns, tendedeiros, muelles de carga, voladizos, etc...) medida baixo a proxección horizontal da súa cuberta. Sen embargo, nesta superficie non se inclúe a ocupada en planta polos cerramentos interiores fixos, por elementos estruturais verticais, por canalizacións ou conductos con sección horizontal superior ós 100 cm<sup>2</sup> e a do solo cuxa altura libre sexa inferior a 1,5 metros. Tampouco se inclúen a ocupada polos espazos exteriores non cubertos. O prezo de alleamento dos anexos inseparables (rochos e prazas de garaxe), non poderá exceder do 60% do prezo máximo de venda por metro cuadrado de superficie útil de vivenda.

Previamente á determinación das fincas que estarán sometidas o presente réxime, deberá fixarse o número de vivendas que corresponde en función da porcentaxe do aproveitamento enaxenado. Procurarase que a porcentaxe de aproveitamento enaxenado sexa equivalente a un número enteiro de vivendas. Con ocasión do outorgamento da licenzia de construción se determinarán as vivendas que están sometidas o presente réxime e incluso o Concello poderá dirixirse á promoción co gallo de que reaxuste o número de vivendas ó aproveitamento enaxenado. A determinación concreta das fincas que estarán sometidas o presente réxime se realizará con ocasión do outorgamento da licenzia de obra e se realizará por sorteo entre as fincas resultantes.

#### 14.5.3. Prezo final máximo de aluguer e índice de referencia para a súa actualización.

O prezo máximo de aluguer será o seguinte: a renda anual non poderá superar o 4 % do prezo da vivenda e anexos inseparables ou inferior proposto polo adxudicatario. A renda será revisada cada dous anos no 50% da modificación que nese periodo experimente o índice 3.1 "vivendas de alugueiro" publicado polo INE.

#### 14.5.4. Prohibicións doutras percepcións.

Queda prohibida a percepción de calquera sobreprezo, prima ou cantidade distinta á que legal e regulamentariamente corresponde satisfacer ó comprador de vivendas.

#### 14.5.5. Condicións que impiden posteriores alleamentos por prezo superior ao de adquisición.

##### A. Cesión do contrato.

O adxudicatario non poderá transmitir o obxecto do contrato sen autorización do Concello, de tal xeito que deberá ser quen promova a edificación, e no seu caso, a venda das fincas resultantes. Naquel caso de que se pretenda o exercicio da facultade de retracto prevista no artigo 1522 do Código civil, o Concello tomará razón da transmisión, quedando o adquirente na posición do adxudicatario en todas as obrigas contidas no presente prego. No presente caso será de aplicación igualmente o apartado e) do seguinte párrafo.

Excepcionalmente, o Concello poderá autorizar o alleamento do aproveitamento que lle corresponda sempre que se den as seguintes circunstancias:

- a) Sometemento á autorización municipal previa á formalización do alleamento.
- b) Que o transmitente teña executadas un 20% das unidades de obra contidas no proxecto de execución.
- c) O adquirente deberá ter capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixida nos artigos 15 a 20 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- d) A transmisión do contrato deberá formalizarse en escritura pública, na que necesariamente se fará mención a que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondan o cedente.
- e) En ningún caso o prezo de cesión do contrato será superior o prezo de adxudicación incluído IVE, sen prexuízo da súa actualización en proporción ó Índice correspondente publicado polo INE.

O Concello poderá acordar a autorización da cesión ou exercitar o dereito de tanteo e retracto previsto no apartado C. do punto 17.5.5.

**B. Prazo de suxeición dos alleamentos e alugueres das vivendas ós prezos máximos establecidos no presente prego.**

O alleamento e aluguer das vivendas resultantes estará suxeito ós límites dos prezos máximos establecidos no presente prego durante un prazo de quince anos a contar desde o día seguinte á notificación do outorgamento da licenza de primeira ocupación.

**C. Dereitos de tanteo e retracto.**

Sen prexuízo do previsto no presente prego para a cesión do contrato, o Concello resérvase por un prazo de quince anos dende o día seguinte á notificación da licenza de primeira ocupación, un dereito de tanteo e retracto das posteriores transmisións onerosas das fincas resultantes. Xustifícase a mesma en base o previsto nos artigos 177 e seguintes da LOUG para a protección-ampliación do patrimonio municipal do solo e das súas finalidades.

Esta facultade deberá ser expresamente recollida na escritura pública e contida no Rexistro da Propiedade.

Os propietarios das fincas gravadas co dereito de tanteo e retracto, deberán notificarlle ó Concello a decisión de allealas, con expresión do prezo e forma de pagamento proxectados e restantes condicións esenciais da transmisión, para o total da vivenda (incluíndo os anexos inseparables que se mencionan nas obrigas específicas), así como os tributos que legalmente correspondan o comprador, os efectos do posible exercicio do dereito de tanteo, durante un prazo de sesenta días naturais, contado dende o seguinte ó da notificación.

De acordo co previsto na Lei 4/2003, de 29 de xullo, de Vivenda de Galicia, en ningún caso poderá impoñerse o comprador como parte do prezo de venda os gastos correspondentes ó outorgamento da declaración de obra nova e división horizontal, cancelación de cargas e outros análogos que as disposicións legais aplicables atribúen ó vendedor.

Estarán suxeitas o dereito de tanteo e retracto as primeiras e sucesivas transmisións inter vivos, sexan estas gratuítas ou onerosas, voluntarias ou como consecuencia dun procedemento de execución patrimonial. Non existirá tal dereito, nas donacións ou apartamentos sucesorios entre ascendentes e descendentes, ou nos casos de liquidación da sociedade de gananciais.

O Concello poderá exercitar o dereito de retracto cando non se lle fisexe a notificación aludida con anterioridade, se omitise nela calquera dos requisitos esixidos ou resultase inferior o prezo efectivo da transmisión ou menos onerosas as restantes condicións desta. O Concello poderá exercitar o dereito no prazo de sesenta días naturais contados dende a notificación da transmisión efectuada, que o cesionario deberá facer ó Concello mediante copia da escritura ou documento no que se formalizase. Non se poderán inscribir no Rexistro da Propiedade as transmisións efectuadas sen a acreditación da realización das notificacións consideradas con anterioridade.

Calquera operación societaria de fusión, escisión, ampliación de capital etc...da persoa xurídica que no seu caso sexa adxudicatario do contrato, será comunicada á XMU, de tal xeito que a XMU tome coñecemento da mesma e valide a vixencia do contrato.

#### 14.6. Requirimentos.

O adxudicatario deberá dar debido cumprimento ós requirimentos que se lle fagan dende o Concello, tanto derivados do presente concurso, como os necesarios para a obtención da licenza de obra.

#### 14.7. Obrigación de información ós adquirentes ou arrendatarios sobre as condicións específicas derivadas do presente prego.

Nos contratos de alleamento de vivendas de futura construción ou terminadas, deberá incluírse unha cláusula na que se informe á parte adquirente que a parcela pertenceu ó Patrimonio Municipal do Solo, e que está gravada cunha serie de condicións contidas no prego de condicións.

#### 14.8. Obrigación de notificar ó Concello do depósito da fianza e inscrición do arrendamento.

Naquel caso que se pretenda o aluguer das vivendas suxeitas ás estipulacións do presente prego de condicións, o arrendador ou subarrendador deberán depositar a fianza no Instituto Galego da Vivenda e Solo e inscrición do arrendamento no Rexistro de Contratos de Arrendamento de vivendas e fincas urbanas do IGVS. Tanto do depósito da fianza como da inscrición aludida, con anterioridade, darase conta de xeito inmediato ó Concello. As limitacións para o alugamento vencen ós 15 anos dende a notificación da obtención da licenza de primeira ocupación.

### 15. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Serán causa de resolución do contrato, ademais das previstas no artigo 8.3 e 111 do real decreto legislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, as seguintes:

- a) Demora no cumprimento dos prazos por parte do adxudicatario. En concreto, os seguintes:
  5. Incumprimento do prazo dos ingresos do prezo de adxudicación previstos no apartado 2º do artigo 17.
  6. Incumprimento do prazo previsto para o depósito da garantía definitiva.
- b) Non comunicación da primeira transmisión das vivendas resultantes da edificación.
- c) Incumprimento do prezo máximo de aluguer cando sexa o arrendador sexa o adxudicatario do presente contrato.

Os efectos da resolución do contrato, serán os previstos no artigo 113 do rdlex. 2/2000. En todo caso, a parcela licitada e as súas accesións, revertirán automaticamente ó Patrimonio Municipal do Solo do Concello de Vigo, para o cal poderá inscribi-la o seu nome no Rexistro da Propiedade, acreditando o cumprimento da condición resolutoria por calquera dos medios admitidos en dereito, así como o acordo que poña fin ó expediente de resolución do contrato.

En caso de que o adxudicatario renunciara en cualquier momento á parcela, produciranse as seguintes consecuencias:

14. Se a renuncia con anterioridade á adxudicación definitiva deberá ingresar na caixa da Corporación o 10%

*do prezo ofertado en concepto de danos e perdas.*

15. *Se a renuncia se producira con posterioridade á adxudicación definitiva serálle incautado como mínimo o 15% do prezo da adxudicación como penalidade polos danos e perdas ocasionados á Corporación.*

16. **CONSECUENCIAS DE NON SOLICITAR A LICENZA DE CONSTRUCCIÓN NO PRAZO ESTABLECIDO NO PRESENTE PREGO.**

*Naquel caso que o adxudicatario non solicite a licenza de construción no prazo dun ano dende a notificación da adxudicación do contrato, o Concello promoverá a inscrición da totalidade da parcela no futuro Rexistro municipal de solares de edificación forzosa, tal e como se establece nos artigos 188 e seguintes a LOUGA e o D. 635/64, de 5 de marzo. Transcurridos dous anos sen que se lle dea cumprimento o deber de edificar, a Administración decretará a edificación forzosa do soar, de maneira directa o por medio de axente edificador.*

17. **INTERPRETACIÓN.-**

*A Administración convocante se reserva a facultade para interpretar as dúbidas que poidan surdir na interpretación do presente prego de condicións.*

18. **LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

*O alleamento rexirase, en canto ao non previsto neste prego de condicións sobre a súa preparación, competencia e adxudicación, polas disposicións do ordenamento xurídico-administrativo que lle sexan aplicables, e polo dereito civil no referido o seu contido substantivo e efectos.*

19. **XURISDICCIÓN COMPETENTE.-**

*Dada a natureza especial do contrato, a xurisdicción competente para coñecer as controversias derivadas dos actos de preparación, adxudicación, efectos e extinción é a contenciosa-administrativa. Todo elo sen prexuízo da potestades que legalmente lle corresponden á Administración.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **36(2323).- MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA U.A. ROSALÍA DE CASTRO II. EXPTE. 4789/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.12.07, conformado polo xefe de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*A Xunta de Compensación da U.A. Rosalía de Castro II constituíuse no día 22/09/1994, inscribíndose no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por acordo da entón Comisión Provincial de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 23/12/1994 (Expte. 122/94).*

*O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 9 de maio de 2002, acordou aprobar definitivamente o proxecto modificado (texto refundido) de estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación urbanizadora da U.E. I-06 Rosalía de Castro II, conforme ó texto publicado no BOP núm. 13 do 18 de xaneiro de 2002.*

*En data do 17 de decembro de 2007, a Xunta de Compensación da U.A. Rosalía de Castro II presentou escrito no Rexistro Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo no que se comunica o cambio do domicilio social da Xunta de Compensación, achegando certificación do secretario, así como copia da acta da reunión mantida polo Consello Rector en data do 8 de novembro de 2007. No punto sexto do dito acta maniféstase o seguinte: “Se acuerda por unanimidad establecer el nuevo domicilio social de la Junta de Compensación en la Calle*

*Velazquez Moreno, número 29-4ª planta. C.P. 36202 de Vigo.”*

*Ós efectos previstos no artigo 27 do Regulamento de Xestión Urbanística, o Excmo Concello de Vigo deberá proceder a comunica-la modificación do domicilio social da Xunta de Compensación ó Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, dependente da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, para su inscrición no mesmo.*

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓN XURÍDICAS.**

*1.- Previsión nos estatutos aprobados o 9 de maio de 2002 polo Consello da Xerencia, publicados no BOP núm. 13 do 18 de xaneiro de 2002.- O artigo 2 dos estatutos di que “mentres o Consello Rector non sinala outro distinto, establécese o domicilio social da Xunta de Compensación na Avda. de García Barbón nº 117.1ª de Vigo”. No artigo mencionase a posibilidade de que o Consello Rector sinala outro domicilio. Esta previsión é reproducida dentro das facultades previstas no Consello Rector (artigo 26.n). Polo tanto, non se trata dunha modificación dos estatutos, non obstante precisa da aprobación ou toma de coñecemento por parte do órgano municipal competente.*

*2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.*

*Por todo elo, en atención o disposto no artigo 27 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, propónse a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Acorda-la aprobación da modificación do domicilio social do Consello Rector da Xunta de Compensación da U.A. Rosalia de Castro II, sendo o novo domicilio o de "Calle Velazquez Moreno, número 29-4ª planta. C.P. 36202 de Vigo”, tal e como se acredita por medio da certificación expedida polo secretario da Xunta de compensación.*

*2.- Notificar o presente acordo á Xunta de compensación e o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que procedan á inscrición e toma razón do cambio de domicilio.*

*3.- Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o xulgado do mesmo orde de Vigo no prazo de dous meses dende á notificación do presente acordo.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **37(2324).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NO EDIFICIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO E CONVALIDACIÓN DOS SERVIZOS PRESTADOS POR “ANTERES DE SEGURIDAD S.A.”. EXPTE. 2363/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 26.12.07, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, conformado polo xerente, que di o seguinte:

##### **A) Antecedentes.**

*O servizo de seguridade e vixilancia preventiva no edificio da Xerencia Mpal. de Urbanismo foi adxudicado por concurso aberto o 21 de maio de 2003, por un prazo de dous anos e un prezo de 30.624 euros/ano. Este contrato entrou en vigor o 1 de xuño de 2003. En maio de 2004 aprobouse unha modificación deste contrato que supuso a ampliación a catorce horas diarias da prestación do servizo, fixándose o prezo anual do contrato en 43.792,32*

euros.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 28 de setembro de 2006, adoptou o acordo de prorrogar ata o 1 de xuño de 2007 o contrato do servizo de seguridade e vixilancia preventiva no edificio-sede da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 19 de marzo de 2007 o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu incoar o expediente para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia preventiva na Xerencia Municipal de Urbanismo.

Despois da elaboración dos pregos polos Servizos Centrais de Urbanismo e da emisión dos preceptivos informes do Secretario da Xerencia (de data 30/03/2007) e do Interventor Xeral (conformidade prestada o 9/04/2007), o Consello deste Organismo Autónomo, en sesión do día 12 de abril de 2007, adoptou o acordo de:

“1º) Autorizar a contratación polo procedemento aberto por concurso do servizo de seguridade e vixilancia no edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo por un prazo de dous anos.

2º) Autorizar o gasto por importe de 91.088 euros en dous anos, con cargo a partida 4320.2270100 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3º) Aprobar o prego único de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerá a devandita contratación.”

Con datas 4 e 22 de maio de 2007, o Boletín Oficial de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia, respectivamente, publicaron o anuncio para a presentación de ofertas na “contratación por concurso aberto do servizo de seguridade e vixilancia preventiva na Xerencia Municipal de Urbanismo”.

Durante un prazo de 15 días, que rematou o 6 de xuño de 2007, presentáronse no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo dous ofertas:

4. COMINSMAN SEGURIDAD, SLU (doc. 70067491).

5. “COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, S.A.” (doc. 70067524).

A Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo o día 13 de xuño de 2007 procedió á apertura de ofertas para a adxudicación por concurso do citado contrato de vixilancia e seguridade, admitíndose as dúas ofertas presentadas e decidindo por unanimidade remitir as ofertas a informe do director dos Servizos Centrais.

O 9 de xullo de 2007 este funcionario emite informe concluíndo que “tendo en conta que solo cumpre o prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares a empresa “COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, S.A.”, este técnico considera que a Mesa de Contratación deberá propoñer ó órgano competente a adxudicación do servizo de seguridade e vixilancia preventiva no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, cun prazo de execución de dous anos e un prezo anual de 44.886 euros, á entidade “COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, S.A.”.

Como consecuencia do cambio de Corporación no mes de xuño, faise necesario constituir unha nova Mesa de Contratación na Xerencia Municipal de Urbanismo. A tal efecto, a Xunta de Goberno Local o 30 de xullo de 2007 acorda:

“PRIMEIRO.- Designar aos membros da Mesa de contratación do organismo autónomo Xerencia municipal de urbanismo, que quedará integrada a partir de agora polos seguintes membros:

16. PRESIDENTE:

O Alcalde-Presidente da XMU, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, ou o membro da Xunta de Goberno Local ou

concelleiro/a no que delegue.

17. VOCAIS:

- O Xerente da XMU, unha vez nomeado.
- O secretario da XMU e letrado da Asesoría Xurídica municipal D. Francisco de Cominges Cáceres ou o Técnico de Administración Xeral no que delegue.
- O interventor xeral do Concello, D. Juan Ramón González Carnero, ou funcionario no que delegue.
- O director dos servizos centrais da XMU, D. Juan González Ramírez ou funcionario de Servizos Centrais no que delegue.
- O xefe do servizo da Xerencia que corresponda en función da natureza do expediente obxecto de tramitación.

7. SECRETARÍA:

A xefa da oficina de secretaría da XMU, D.<sup>a</sup> Mónica Escariz Couso, como titular, e D.<sup>a</sup> Mónica Domínguez Estévez, como suplente, para a realización das funcións auxiliares asociadas á secretaría da Mesa.

SEGUNDO.- As funcións e atribucións da Mesa de contratación serán as sinaladas na normativa reguladora da contratación das Administracións públicas, correspondéndolle por tanto:

a).- A cualificación da documentación presentada polos licitadores, declarando a súa admisión ou exclusión.

b).- A realización do acto público de apertura das proposicións económicas dos licitadores admitidos nos concursos e subastas e, de ser o caso, nos procedementos negociados.

c).- Formular proposta de adjudicación ós órganos de contratación, agás no relativo ós contratos menores, que se adjudicarán directamente polos órganos competentes da Xerencia conforme á normativa en vigor.

A apertura das proposicións presentadas terá lugar, con carácter xeral, ás 10 horas do primeiro martes seguinte ó día en que remate o prazo de presentación das mesmas, constituíndose para estes efectos a Mesa de contratación nas dependencias da XMU. Se coincidese en día inhábil ou se por causas de forza maior non puidese celebrarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

TERCEIRO.- Para a válida constitución da Mesa de contratación requirirase a presenza do presidente, do secretario da XMU e o Interventor, ou dos que os substitúan, e da metade polo menos dos seus membros.

CUARTO.- Os efectos desta Resolución comezarán a partir da data da súa sinatura, quedando sen efecto o anterior Decreto de 02.02.2004 da entón Alcaldesa-Presidenta.

QUINTO.- Notifíquese aos funcionarios designados e, conforme co previsto no artigo 79.2 do RD.1098/2001, de 12 outubro, de Regulamento xeral da LCAP, publíquese no Boletín Oficial da Provincia.”

No mes de setembro prodúcese o nomeamento da Xerente, que pasa a integrar a Mesa de Contratación como vocal. Nese mesmo mes, o Alcalde e Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, por resolución de 26/09/2007, delega a presidencia da Mesa de Contratación deste Organismo Autónomo na Delegada do Area de Urbanismo e Vivenda.

O 3 de outubro de 2007 constitúese a nova Mesa de Contratación. Na mesma sesión e por unanimidade a Mesa propón á Xunta de Goberno Local a adjudicación do contrato de servizo de vixilancia e seguridade no edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo á empresa “Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, SA”, cun prazo de execución de dous anos e un prezo anual de 44.886 euros”.

De acordo con esta proposta, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2007, adjudicou a “Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, SA” o citado contrato de servizo coas condicións sinaladas.

Unha vez notificado este acordo, a empresa adjudicataria presenta o 30 de outubro de 2007 (documento de entrada en Rexistro da XMU nº 70.120.924), escrito polo que comunican a intención de retirar a súa oferta, por motivos económicos e por ter superado a Administración o prazo para adjudicar de tres meses.

Entre tanto, o servizo o segue prestando a empresa adjudicataria “Antares de Seguridad, SA” (agora denominada “Umano de Seguridad, SA”) en virtude do concurso resolto en 2003.

*B) Informe.*

*De conformidade co artigo 89 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas:*

*“1.- O órgano de contratación, previos os informes técnicos correspondientes, adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses a contar da apertura das proposicións, agás que se estableza outro no prego de cláusulas administrativas particulares.*

*2.- De non dictarse o acordo de adxudicación dentro do prazo, os empresarios admitidos a concurso terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía prestada”.*

*Este precepto é o invocado pola empresa adxucataria do concurso, sendo efectivamente o prazo de adxudicación superior a tres meses desde a apertura de proposicións (ésta realizouse o 13 de xuño de 2007 e a adxudicación acordouse o 22 de outubro do mesmo ano). Este retraso debeuse ó cambio de Corporación e a dilatación no proceso de constitución da nova Mesa de Contratación na Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*C) Proposta.*

*Tendo en conta o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º) Aceptar a renuncia da empresa “COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, SA” a prestar o servizo de seguridade e vixilancia no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2007.*

*2º) Convalidar os servizos prestados de xuño a decembro de 2007 pola entidade “ANTARES DE SEGURIDAD, SA”, por importe total de 25.545,52 euros, con cargo á partida 4320.2270100 “Seguridade” (RC-200700000557).*

*3º) Incoar un novo expediente de contratación por concurso do servizo de seguridade e vixilancia no edificio sede Xerencia Municipal de Urbanismo, modificando as condicións económicas do contrato para permitir unha adecuada concurrencia na licitación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**38(2325).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DA ACCESIBILIDADE DO AREAL DE CARRIL (ALCABRE VIGO). EXPTE. 5171/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o

día 28.12.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. (80% participación) e Hidroscivil S.L. (20% de participación)” o concurso para a contratación das obras do proxecto de mellora ambiental e da accesibilidade do areal de carril (Alcabre Vigo). (expte. 5171-306) por un importe de 114.830,00 euros e un prazo de execución de dous meses. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 19.11.2007 e a oferta presentada .

**39(2326).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DA CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA ENCARGADA DA REDCCIÓN DO “PROXECTO DE MELLORA AMBIENTAL DO RÍO LAGARES (TRAMO AVDA. DE MADRID-ESTRADA DO AEROPORTO): RECUPERACIÓN DE MARXES, ELIMINACIÓN DE VERQUIDOS E ADECUACIÓN PARA O USO PÚBLICO”. EXPTE. 5336/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 28.12.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Ingebaires, S.L. ” o concurso para a contratación da asistencia técnica encargada da redacción do “Proxecto de Mellora Ambiental do Río Lagares (tramo Avda. de Madrid-Estrada do Aeroporto): recuperación de marxes, eliminación de verquidos e adecuación para o uso público”. (expte. 5336-306) por un importe de 60.000 euros e un prazo de execución de dous meses. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 26-11-2007 e a oferta presentada .”

**40(2327).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGOS PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 3881/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 28.12.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a “Lappset España V.R., S.L. os seguintes lotes do concurso para a contratación de xogos para parques infantís. (expte. 3881-446):

- Lote I, zona A maiores de 18 anos por un importe total de 9.999,99 euros.
- Lote IV estruturas de bambans por un importe de 21.998,24 euros.
- Lote V asentos planos por un importe de 986 euros.
- Lote VII xogos de moelle por un importe de 8.995,80 euros.
- Lote IX valado de madeira por un importe de 42.994,25 euros

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada .

2º.- Adxudicar a “H.P.C. Ibérica, S.A. os seguintes lotes do concurso para a contratación de xogos para parques infantís. (expte. 3881-446):

- Lote II, zona B menores de 12 anos por un importe total de 24.995,84 euros.

- Lote III, zona Cmaiores de 12 anos por un importe de 14.999,99 euros.
- Lote VIII xogos múltiples por un importe de 20.838,51 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada .

3º.- Adxudicar a “Hags Swelek, S.A. o seguinte lote do concurso para a contratación de xogos para parques infantís. (expte. 3881-446):

- Lote V 22 asentos para bebés por un importe total de 6.992,48 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada .

**41(2328).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE MATERIAIS PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 3889/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 28.12.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a “Calfensa Proyectos, S.L. os seguintes lotes do concurso para a contratación de materiais para parques infantís. (expte. 3889-446):

- Lote I, 130 unidades de banco tipo Cantabrico ou similar por un importe total de 19.981 euros.
- Lote VII 26 unidades do bebedeiro modelo minos por un importe de 11.959,95 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada .

2º.- Adxudicar a “Conteneur España, S.L. o seguintes lote do concurso para a contratación de materiais para parques infantís. (expte. 3889-446):

- Lote II, 480 unidades de papeleiras por un importe total de 29.995,20 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar a “Viveros O Piñeiro, S.L: os seguintes lotes do concurso para a contratación de materiais para parques infantís. (expte. 3889-446):

- Lote III, 110 unidades de Big bags de 1 m3 de cortiza de piñeiro triturada por un importe total de 5.997,20 euros.
- Lote V 213 ml de valado por un importe de 11.975,96 euros
- Lote VI 17 unidades de mesa con banco por un importe total de 17.550 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada .

4º.- Adjudicar a “Hpc Ibérica, S.A. o seguintes lote do concurso para a contratación de materiais para parques infantís. (expte. 3889-446):

- Lote IV, 18 unidades de canasta por un importe total de 19.881,94 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-12-2007 e a oferta presentada.

**42(2329).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATAICÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 53565/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 28.12.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Considerar como baixa temeraria a oferta presentada por Roymer Obra Civil, S.L. polas razóns expostas no informe do Enxeñeiro Xefe de Vias e Obras o día 27-12-2007.

2º.- Adjudicar a “Movexvial, S.L. o concurso para a contratación das obras de reparación xeral de beirarrúas na cidade de Vigo. (expte. 53565-250) por un importe de 200.000 euros e unha baixa porcentual media respecto dos cadros de prezos unitarios do proxecto do 16,70% e un prazo de garantía das obras de tres anos. Ademais deberá poñer a disposición das obras:

- Catro brigadas compostas por un capataz, dous oficiais 1, dous oficiais 2ª e dous peóns.
- Unha brigada adicional composta por un capataz, dous oficiais 1ª e dous peóns.

Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 22-10-2007 e a oferta presentada.

**43(2330).- ENAXENACIÓN PARA CHATARRA DE 12 VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 5507/445**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 18.12.07, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda dar de baixa como despezamento no patrimonio municipal dos seguintes vehículos:

Número	Matrícula	Tipo	antiguidade
419	PO-6142-AB	VISA	20
604	PO-47154-VE	DUMPER	13
605	PO-47341-VE	DUMPER	13
579	PO-9653-T	IPV	24
584	PO-1419-U	IPV	24
152	PO-4686-K	CAMION	29

119	PO-3012-O	CAMION	27
363	PO-1946-AV	XANTIA	14
445	PO-3634-H	LAND ROVER	31
603	PO-40342-VE	DUMPER	17
105	PO-44484-VE	JOHN DEERE	20
004	PO-34868-VE	JOHN DEERE	19

**44(2331).- HUMANIZACIÓN DA AVDA. CITRÖEN. EXPTE. 52037/250**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 3.12.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Xestión Ambiental de Contratas, S.L. o concurso para a execución das obras de humanización da Avenida Citroen. Expediente 52037/250 por un importe de 284.700 euros e un prazo de garantía de 48 meses. Todo iso de acordo co proxecto e prego de cláusulas administratiavs aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16.04.2007 e a oferta presentada”.

**45(2332).- NOMEAMENTO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE INSPECTOR DO CORPO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 17986/220**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización de data 27-12-2007 conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de outubro de 2007, adoptou acordo nomeando funcionarios en prácticas con cargo a catro prazas vacantes no cadro de persoal municipal (dúas delas quenda de promoción interna) de Inspector do Corpo da Policía Local, ós seguintes aspirantes: D. Francisco Javier Alvarez Ferreira, D.N.I. 36.076.666-Q, D. Ramón Pérez Rodríguez, D.N.I. 36.084.908-R, D. José Manuel Vázquez Varela, D.N.I. 36.071.670-B e D. Pablo del Río Diz, D.N.I. 36.107.653-R.

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, con data 21 de decembro de 2007, remite ao concello de Vigo fax no que comunica que ditos funcionarios superaron o período de prácticas de forma satisfactoria e dado que superaron tamén a parte teórica do curso de formación para mandos de Policía Local, pode procederse a súa toma de posesión como funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal municipal.

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Nomear funcionarios/as de carreira con cargo a prazas de Inspector do Corpo da Policía Local, pola quenda libre aos seguintes funcionarios en prácticas que superaron o regulamentario curso

selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública:

18. D. FRANCISCO JAVIER. ALVAREZ FERREIRA, D.N.L. 36.076.666-Q, cun total de 23,185 puntos.
19. D. RAMÓN PÉREZ RODRÍGUEZ, D.N.I. 36.084.908-R, cun total de 22,350 puntos.

Segundo.- Nomear funcionarios/as de carreira con cargo a prazas de Inspector do Corpo da Policía Local, pola quenda de promoción interna aos seguintes funcionarios en prácticas que superaron o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública:

- D. JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ VARELA, D.N.I. 36.071.670-B, cun total de 69,500 puntos.
- D. PABLO DEL RIO DIZ, D.N.I. 36.107.653-R, cun total de 66,320 puntos.

Terceiro.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira con efectos do día 01 de xaneiro de 2008”

O presente acordo notifíquese ós/ás interesados/as, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**46(2333).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CATRO SUBOFICIAIS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17981/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización de data 26-12-2007, conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

“Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2007, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo a catro prazas de Suboficial de Extinción de Incendios, por promoción interna, D. Jesús Rodríguez Durán, NIF 36.027.862-H, D. Carlos Ordóñez Pérez, NIF 36.018.158-C, D. Domingo Vázquez González, NIF 36.027.499-T e D. Rafael Moledo Alonso, NIF 36.105.623-Q, tomando posesión como funcionarios en prácticas con data 1 de novembro seguinte, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira á superación dun curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

A Comisión especial de valoración, constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007, para evalua-lo referido curso selectivo que, de conformidade coas bases da convocatoria, deberán realiza-los citados aspirantes a prazas de Suboficial do Servizo de Extinción de Incendios, previamente o seu nomeamento como funcionarios de carreira, remitiu a Unidade de Persoal acta de data 18 de decembro pasado, contendo proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos catro suboficiais do Servizo de Extinción de Incendios en prácticas antes citados, que superaron o curso selectivo contemplado na base VI da convocatoria.

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización

do goberno local, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Nomear funcionarios de carreira, con cargo a 4 prazas vacantes de Suboficial de Extinción de Incendios, ós seguintes funcionarios en prácticas que superaron o curso teórico práctico, segundo acordo da Comisión Especial de Valoración constituída o efecto:

- 1º.- D. JESÚS RODRÍGUEZ DURÁN, NIF 36.027.862-H, que obtivo 25,450 puntos.
- 2º.- D. CARLOS ORDÓÑEZ PÉREZ, NIF 36.018.158-C, que obtivo 24,750 puntos.
- 3º.- D. DOMINGO VÁZQUEZ GONZÁLEZ, NIF 36.027.499-T, que obtivo 24,400 puntos.
- 4º.- D. RAFAEL MOLEDO ALONSO, NIF 36.105.623-Q, que obtivo 24,100 puntos.

Segundo.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo”.

O presente acordo notifíquese ós interesados, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**47(2334).- NOMEAMENTO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL DO CORPO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 17985/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización de data 26-12-2007, conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local en sesións de 22 de outubro e 5 de novembro de 2007, adoptou acordos nomeando funcionarios en prácticas con cargo a dezasete prazas vacantes no cadro de persoal municipal (nove delas pola quenda de promoción interna) de Oficial do Corpo da Policía Local, ós seguintes aspirantes: D. Germán Pardo Lázara, D.N.I. 36.117.935-T, D. David Costas Pérez, D.N.I. 36.101.838-A, D. Francisco José Porto Justo, D.N.I. 76.989.346-C, D. Juan Diego Vázquez Domínguez, D.N.I. 36.145.278-L, D. Francisco Domínguez Alonso, D.N.I. 76.911.101-K, D. Antonio José López Santana, D.N.I. 36.157.712-X, D. Marcos Otero Sotelo, D.N.I. 36.112.260-Y e D. Oscar Manuel Sánchez Vázquez, D.N.I. 76.721.177-P, pola quenda libre e a D. José Armando García Veiro, D.N.I. 36.092.316-A, D. Julio Casal Piñeiro, D.N.I. 36.062.660-V, D. José Luis Blas Fondos, D.N.I. 36.022.562-P, D. Francisco José Vila Campos, D.N.I. 36.098.822-T, D. María Teresa Salgado González, D.N.I. 36.074.940-S, D. Santiago Jesús Martínez Pardo, D.N.I. 36.096.616-W, D. José Manuel Amoedo Blanco, D.N.I. 76.986.501-G, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. de los Angeles Garrido Domínguez, D.N.I. 36.088.923-Z, D. Juan Ramón Fernández Sotelo, D.N.I. 36.035.296-T, pola quenda de promoción interna.

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, con data 21 de decembro de 2007, remite ao concello de Vigo fax no que comunica que ditos funcionarios superaron o período de prácticas de forma satisfactoria e dado que superaron tamén a parte teórica do curso de formación para mandos da Policía Local, pode procederse a súa toma de posesión como funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal municipal.

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Nomear funcionarios/as de carreira con cargo a prazas de Oficial da Policía Local, pola quenda libre aos seguintes funcionarios en prácticas que superaron o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública:

1. D. GERMÁN PARDO LÁZARA, D.N.I. 36.117.935-T, cun total de 28,835 puntos.
2. D. DAVID COSTAS PÉREZ, D.N.I. 36.101.838-A, cun total de 26,350 puntos
3. D. FRANCISCO JOSÉ PORTO JUSTO, D.N.I. 76.989.346-C, cun total de 25,590 puntos.
4. D. JUAN DIEGO VÁZQUEZ DOMINGUEZ, D.N.I. 36.145.278-L, cun total de 24,658 puntos.
5. D. ANTONIO JOSÉ LÓPEZ SANTANA, D.N.I. 36.157.712-X, cun total de 24,471 puntos.
6. D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ ALONSO, D.N.I. 76.911.101-K, cun total de 24,050 puntos
7. D. MARCOS OTERO SOTELO, D.N.I. 36.112.260-Y, que obtivo un total de 23,416 puntos.
8. D. OSCAR MANUEL SÁNCHEZ VÁZQUEZ, D.N.I. 76.721.177-P, cun total de 23,001 puntos.

Segundo.- Nomear funcionarios/as de carreira con cargo a prazas de Oficial da Policía Local, pola quenda de promoción interna aos seguintes funcionarios en prácticas que superaron o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública:

- 1) D. JOSE ARMANDO GARCIA VEIRO, D.N.I 36.092.316-A, cun total de 72,91 puntos.
- 2) D. JULIO CASAL PIÑEIRO, D.N.I. 36.062.660-V, cun total de 64,96 puntos.
- 3) D. JOSE LUIS BLAS FONDOS, D.N.I 36.022.562-P, cun total de 64,01 puntos.
- 4) D. FRANCISCO JOSE VILA CAMPOS, D.N.I. 36.098.822-T, cun total de 62,86 puntos.
- 5) D. M<sup>a</sup>. TERESA SALGADO GONZALEZ, D.N.I 36.074.940-S, cun total de 61,85 puntos
- 6) D. SANTIAGO JESUS MARTINEZ PARDO, D.N.I. 36.096.616-W, cun total de 61,61 puntos.
- 7) D. JOSE MANUEL AMOEDO BLANCO, D.N.I 76.986.501-G, cun total de 60,71 puntos.
- 8) D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ANGELES GARRIDO DOMÍNGUEZ, D.N.I. 36.088.923-Z, cun total de 57,19 puntos.
- 9) D. JUAN RAMON FERNANDEZ SOTELO, D.N.I. 36.035.296-T, cun total de 56,39 puntos.

Terceiro.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira con efectos do día 01 de xaneiro de 2008”

O presente acordo notifíquese ós/ás interesados/as, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, Seguridade, Transportes e Extinción de Incendios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**48(2335).- CONVALIDACIÓN ORDENACIÓN DETALLADA DE A SALGUEIRA. EXPTE. 2813/407.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da xerente de Urbanismo, do 28.12.07, conformado pola delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1º.- O 24 de setembro de 2001 o Pleno municipal acordou adxudicar o devandito concurso á entidade mercantil “Consultora Galega, SL” (CIF: B36012102).

No 23 de febreiro de 2004 a Xunta de Goberno Local acordou: “(...) Aprobar unha modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, cun coste de 814.893,04 euros (IVA incluído), consistente en incluír a ordenación detallada de 36 ámbitos, cunha superficie total de 2.057.481 metros cadrados, segundo a proposta do equipo redactor (...)” –expte. 322/407-. Entre estos ámbitos encontrábase a AOD de “A Salgueira”, cun custo de 31.906,00 euros máis IVA.

Previos os trámites oportunos, en data 19 de maio de 2006 o Pleno do Concello acordou aprobar provisionalmente o novo PXOM e remitilo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia (CPTOPT) para a súa aprobación definitiva. No 19 de xaneiro de 2007 a CPTOPT emitiu unha Orde requirindo a subsanación de deficiencias no proxecto do PXOM. En resposta a dita Orde e seguindo as instrucións do entón Xerente de Urbanismo, no 27 de marzo de 2007 “Consultora Galega SL” presentou na Xerencia de Urbanismo unha versión rectificadora do Plan Xeral.

En xuño de 2007 constituíuse a nova Corporación do Concello de Vigo tralas eleccións municipais.

2º.- En data 25 de setembro de 2007 a Delegada municipal da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu incoar un expediente de modificación do devandito contrato de asistencia técnica a fin de que, entoutros aspectos, se elevase a reserva de vivenda protexida do 20% ao 40% na ordenación do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable establecida no proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

No 27 de setembro seguinte manifestóuselle á entidade contratista “Consultora Galega SL” a intención do goberno municipal de que se efectúen as seguintes correccións no proxecto do PXOM:

- 1º.- Introducción do 40 % de vivenda protexida en tódolos ámbitos de SUNC e Suble nos que resulte posible.
- 2º.- Completa-lo cumprimento da Orde de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT da Xunta de Galicia, en especial no referente ao establecemento da estratexia de actuación do plan.
- 3º.- Cumplimenta-los requisitos establecidos na resolución de 10 de setembro de 2007 da Consellería de Medio Ambiente (estratexia de crecemento, etc).
- 4º.- Revisión dos convenios que se manteñen no Plan, tanto os realizados con particulares como con outras Administracións públicas, en especial no referente ao grao de compromiso alcanzado (garantías da súa subscripción na fase final da tramitación do Plan Xeral), financiamento e viabilidade.
- 5º.- Estudio de certas puntualizacións solicitadas por determinadas asociacións de veciños sobre varios ámbitos da cidade, dun contido de carácter social, tendentes ao mantemento de determinadas tipoloxías edificatorias e ao realoxo dos ocupantes”.

3º.- Con data 7 de novembro de 2007 e despois do preceptivo informe do Interventor Xeral, a Delegada da Área de Urbanismo, en virtude da delegación efectuada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 16 de xullo de 2007, aprobou a modificación orzamentaria nº 6/2007 pola que se dotaba do crédito necesario (280.929,88 euros, segundo a proposta da empresa adxudicataria, conformada pola xerente mediante informe de 5 de novembro de 2007) para facer fronte o custo da modificación proposta.

4º.- O 12 de novembro de 2007 a Xunta de Goberno Local acordou:

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, sobre os extremos que se detallan na parte expositiva deste Acordo, polo prezo total de 280.929,88 €, incluído I.V.E..

*SEGUNDO: Aprobar o citado gasto de 280.929,88 € con cargo á partida 4320.2270600 de “estudios e traballos técnicos” do vixente Orzamento do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo”.*

**INFORME-PROSPOSTA:**

*En relación co punto 5º do escrito citado da Delegada de Urbanismo de data 27 de setembro de 2007 dirixido á empresa adxudicataria do contrato de redacción da revisión do PXOM (“estudio de certas puntualizacións solicitadas por determinadas asociacións de veciños sobre varios ámbitos da cidade, dun contido de carácter social, tendentes ao mantemento de determinadas tipoloxías edificatorias e ao realoxo dos ocupantes”) e despois de escoitadas as reinvidicacións dos representantes veciñais de “A Salgueira”, decidiuse modificar a ordenación detallada deste ámbito permitindo o mantemento de determinados viais e sólidos existentes.*

*Este encargo non estaba incluído no presupostado pola empresa redactora do PXOM, toda vez que non se incluía entre a enumeración dos ámbitos afectados polas puntualizacións requeridas no escrito de 27.09.007.*

*O cálculo do presuposto deste traballo realizouse tomando como referencia o presupostado na primeira modificación do contrato aprobada pola Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro de 2004.*

*O importe de 31.906 euros (sin IVE) é actualizado co IPC ata 2007, aplicándose posteriormente un desconto do 50% polo coñecemento preexistente do ámbito, ante esta nova redacción da ordenación detallada de “A Salgueira”.*

*Con data deste informe-proposta preséntase no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo a factura nº 55/2007 de “Consultora Galega, SL”, cun importe total de 20.337,53 euros, IVE incluído (nº documento 70.148.388).*

*Para a realización deste gasto existió e existe crédito adecuado e suficiente na partida 4320.2270600 de “estudios e traballos técnicos” do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo (retención de crédito nº 200700003278).*

*Toda vez que se omitiú o debido procedemento de contratación (trataríase dunha ampliación da modificación do contrato aprobada o 12/11/2007), proponse á Xunta de Goberno Local, coa urxencia de imputar ó Orzamento de 2007 un gasto deste exercicio, a adopción do seguinte acordo:*

*“Convalidar as actuacións realizadas para a nova redacción da ordenación detallada de A Salgueira pola empresa redactora da revisión do PXOM, “Consultora Galega, SL”, por un importe de 20.337,53 euros, con cargo á partida 4320.2270600 do Orzamento da Xerencia Mpal. de Urbanismo (RC 200700003278).”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**49(2336).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 77.530,87 € A FAVOR DE MANTENIMIENTO Y CONSTRUCCIONES ALCUBA, S.A. POR OBRAS NA ESCOLA R/PALENCIA. EXPTE. 27655/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28-12-2007 e de acordo co informe-proposta do 28-12-2007 da técnica de Actividades Económicas, conformado polo xefe de área e pola concelleira da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

Convalidar as actuacións de gasto realizada sen fiscalización previa que figura na factura B-163-07

que se achega ó expediente, de conformidade coa base 28 dos de execución do orzamento xeral para o exercizo prorrogado de 2007, por importe total de 77.530,87 euros, a favor de Mantenimiento y Construcciones Alcuba, S.A., CIF A-32100521, por importe de 77.530,87 euros.

**50(2337).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.